

A VILA DE GAUDILA

A toponimia como memoria popular e identidade cultural

Alumno: Xoán Carlos García Porral

Titor: José Carlos Baliñas Pérez

Curso académico 2023-24

CAMPUS DE LUGO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A VILA DE GAUDILA

A toponimia como memoria popular e identidade cultural

Alumno: Xoán Carlos García Porral

Titor: José Carlos Baliñas Pérez

Curso académico 2023-24

**CAMPUS DE LUGO
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Sinatura do alumno

Xoán Carlos García Porral

*A túa propia forma de falar está intimamente incardinada na paisaxe. [...] Cando vives na mesma paisaxe toda a túa vida, non só tes as túas propias experiencias dela, senón tamén as derivadas das historias que a túa xente che transmitiu. [...] A paisaxe configúrase en función da historia da túa propia vida e tamén en función da vida das persoas que estiveron en dita paisaxe antes ca ti (Lissant Bolton, en *Vivir con los dioses* de Neil MacGregor).*

*“[A paisaxe de Galicia] non é unha “paisaxe inocente”. É algo moito máis complexo e interesante: é unha paisaxe con historia. Cada camiño, cada campo cultivado, cada peche dun predio cóntanos algo sobre esa historia. Galicia ten, de feito, unha das paisaxes máis intensamente humanizadas de Europa, no senso de que non hai val, outeiro, metro cadrado, pedra ou chisco de herba que non foran movidos, traballados, cavados, cultivados ou rozados polo ser humano (en *Outra idea de Galicia* de Miguel-Anxo Murado)*

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN....	05
Xustificación	05
Metodoloxía	07
CONTIDOS E DESENVOLVEMENTO..	09
1.- A parroquia de Goiás	09
2.- Goiás e as súas ALDEAS...	16
3.- San Miguel e as súas FONTES	56
4.- Goiás e as súas AUGAS.....	60
5.- Goiás e as súas TERRAS...	72
5.1.- Clasificación dos microtopónimos referentes ás TERRAS segundo as motivacións	74
6.- Goiás e as súas PEDRAS...	78
CONCLUSIÓN: Os topónimos como simbolización lingüística dos espazos e das experiencias da tradición	85
1.- Os topónimos como sinalizadores do uso e calidade do terreo	85
2.- Os acontecementos do pasado como referentes de topónimos	87
3.- As características físicas do espazo como referentes de topónimos	89
FONTES DE CONSULTA	90

INTRODUCCIÓN

Xustificación

Lendas e topónimos son algúns dos elementos aos que acoden as comunidades rurais tradicionais para reafirmar a súa identidade. Os *topónimos* simbolizan lingüisticamente os espazos e as experiencias da tradición, son modelos topográficos da experiencia humana; e as *lendas*, formando parte da memoria popular dos tempos da historia, son ponte dialéctica entre o presente e o pasado. Uns e outros convértense en elementos metafóricos, lingüísticos e psicolóxicos a través dos que os veciños dunha determinada comunidade tentan manter e/ou recuperar as experiencias da tradición co fin de afirmar a súa identidade. Como di A. Giddens, o home da modernidade busca unha seguridade ontolóxica que combina o emotivo e o cognitivo (coñecemento das lendas e dos topónimos), dando lugar ao *compromiso* con aquilo que lle pode dar identidade: sentirse membro e participe dun pobo (“*ser-no-mundo*”). Deste xeito, e a través do diálogo co tempo e co espazo mediante as lendas e os topónimos, poderase salvar a ruptura que se dá con respecto a estas variables dentro da época actual (Giddens, 1983, pp. 91-92).

A consideración que neste traballo facemos sobre a microtoponimia obedece á importancia que esta ten á hora de sintetizar, baixo un nome, experiencias culturais, laborais e persoais que dan identidade e personalidade á entidade que serve de base para o noso estudo. Son nexos e marcadores espazo-temporais da historia e da identidade da comunidade. Así, a análise da microtoponimia convértese nun importante método de investigación que nos axuda a comprender o uso da linguaxe como medio de simbolización das experiencias acontecidas nun *espazo* determinado. Asemade, a través dela, ofrécesenos unha das bases na que asentar a busca da identidade cultural dun pobo.

Máis polo miúdo, recentemente a parroquia de Goiás, a *Vila de Gaudila*, foi considerada pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia como obxecto de concentración parcelaria (data de aprobación do decreto: 27/10/2022 - DOG 16/11/2022), abarcando unha superficie de 2.589 hectáreas distribuídas de 8.084 parcelas e 1.207 propietarios. Non se lle escapa a ninguén que esta reordenación das terras xoga en contra da microtoponimia. Predios con distintos nomes nun mesmo agro quedarán aglutinados baixo dous ou tres nomes dependendo dos novos donos. O minifundismo do antigo réxime, rico en microtoponimia, deixará paso ao latifundismo do novo réxime. A riqueza inmaterial que a toponimia achega quedará reducida a números referentes aos polígono e parcela, perdéndose en parte a rica tradición que cada topónimo traía consigo.





ANUNCIO

ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA GOIÁS-XAXÁN-A VEIGA (LALÍN, PONTEVEDRA)

REUNIÓN INFORMATIVA

Convócase a todas as persoas propietarias e interesadas no proceso de reestruturación parcelaria da zona de Goiás - Xaxán - A Veiga a unha reunión informativa sobre os traballos na zona que se van iniciar proximamente.

Data: martes, 27 de febreiro de 2024
Lugar: Local Social de Goiás ("Teleclub")
Hora: 12:00

Pontevedra, data da sinatura electrónica
 A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias
 María José Pérez Gil

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 XERARQUÍA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
 SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
 Avda. María Victoria Moreno, 43, 2º
 36071 Pontevedra
 T. 896 700 402
 medio rural.xunta.gal

Convocatoria para unha reunión cos veciños sobre a parcelaria (12/02/2024)





AVISO

ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA GOIÁS -XAXÁN-A VEIGA LALÍN - PONTEVEDRA

OS TRABALLOS DE LEVANTAMENTO TOPOGRAFICO DA ZONA DARAN COMEZO O PROXIMO LUNS 4 DE MARZO DE 2024 AS 9:00 NA ZONA ABAIXO INDICADA.

MOTIVO POLO QUE SE SOLICITA OS PROPIETARIOS QUE BUSQUEN E SINALEN OS MARCOS DAS SUAS PARCELAS CO FIN DE PROCEDER A SUA MEDICIÓN.




 www.proyestegal.com

Primeiro polígono delimitado na parroquia para a medición dos predios

É así que urxe deixar recompilados e xeorreferenciados os microtopónimos desta entidade, atendendo á información que cada un deles aporta como sinalizadores do uso e calidade do terreo, como testemuñas de acontecementos do pasado e como descritores das características físicas dun espazo.



Congostras como a do Agro da Cancileira, por onde transcorre a ruta XX de Roteiros de Lalín, pasarán ao esquecemento coa parcelaria

Metodoloxía


Partimos da localización da parroquia de Goiás atendendo aos lindes referenciados no Catastro de Ensenada e mudados no Arranxo Parroquial de 1891.

De seguido, e como eixe do traballo, recompilamos microtoponimia (aldeas, fontes de San Miguel, augas, terras e pedras) relacionada con esta parroquia de Lalín (dita recompilación, ao ser moi extensa, achegámola nun apéndice por cuestión de espazo). Dela, máis que a súa etimoloxía, interésanos a información que achega a través da tradición oral: uso, calidade e descrición física das terras, e acontecementos do pasado agochados baixo os topónimos. Así teceremos un diálogo coa historia desta parroquia, servindo como exemplo de como a tradición oral non só define e identifica a unha comunidade, senón que tamén fixa a súa memoria. De aí o subtítulo do traballo: **A toponimia como memoria popular e identidade cultural**

Finalmente, como conclusión, elaboramos unha reflexión sobre a simbolización lingüística dos espazos e das experiencias da tradición.

De xeito virtual, facilítase un enlace a un mapa de Google Maps no que se atopan xeolocalizados os microtopónimos recompilados. O acceso a el pódese realizar de dúas maneiras. A máis cómoda é abrindo o hipervínculo da dirección web que se facilita a continuación. Para quen non teña o enlace, cómpre enviar un correo ao seguinte enderezo: traballo22gr@gmail.com. Unha vez recibida a solicitude, concederáselle a autorización pertinente ao solicitante para que poida ollalo. A dirección do mapa é a seguinte:

<https://www.google.com/maps/d/edit?hl=es&mid=1JlezNvnv9nCttTo2Lbxp0jKVvQQ&ll=42.687544444071875%2C-8.082772350000004&z=13>




Captura de pantalla dos microtopónimos de Goiás asentados no Google Maps

CONTIDOS E DESENVOLVEMENTO

1.- A parroquia de GOIÁS

A parroquia de *San Miguel de Goiás* pertence ao Concello de Lalín (Pontevedra), arciprestado de Deza e Diocese de Lugo. A súa extensión é de 1.026'5 hectáreas, sendo a novena entidade máis extensa, xunto con Vilatuxe, das 48 parroquias do Concello (Torres, 1985, p. 116). É atravesada polas estradas N-640 (Vegadeo-Lugo-Vigo), PO-206 (Lalín-Vila de Cruces) e a EP-6009, feita polo IRYDA, que une a capital de Deza con Brántega (Agolada). Limita ao norte coas parroquias de Sello e A Veiga; ao sur coas de Lalín e Xaxán; ao leste coa de Maceira; e ao oeste coas de Filgueira e parte de Xaxán. Eclesiasticamente ten dependentes da súa xurisdición parroquial os anexos de Santa María de Xaxán e San Ramón da Veiga. A primeira desde 1598, cando aínda figuraba como parroquia de San Cristovo da Pena (López, 1991, p. 761); e a segunda desde o arranxo parroquial de 1891, na que foi constituída como nova parroquia cos lugares da Ponte e A Veiga (que ata daquela formaban parte de Goiás), e co de Carballeda (que era de Muimenta) (Madoz, 1847, p. 454). Nese arranxo tamén foi cando se suprimiu a igrexa da Pena sendo substituída polo novo curato de Xaxán.



Recorte extraído da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845
(tomado do IDEG – Información Xeográfica de Galicia)



BOLETÍN ECLESIASTICO
DEL
OBISPADO DE LUGO

ARREGLO PARROQUIAL.

(CONTINUACIÓN)



Muimenta, y se agregan sus feligreses á Santa María de Parada; y finalmente se suprimen los curatos de Santa María de Donramiro y anejos San Martín de Lalín y Santa Eulalia de Donación, y de San Julián de Rodis y anejos San Estéban de Cadrón y Santa Eulalia de Palio, agregándose los feligreses de San Martín de Lalín á Santa María de los Dolores de Lalín, los de Santa Eulalia de Palio, á Rodis, menos los del lugar de Santabaya y los de la parte del de Girón que pertenece á dicha iglesia, que serán de Santiago de Cercio, y las demás iglesias de los mismos se agregan á donde abajo se dirá. 2.ª Se erigen en anejos de San Miguel de Goyás las capillas de San Ramón de la Veiga y Santa María de la Saleta de Jaján, y pertenecerán á la primera los lugares de Ponte y Veiga, de San Miguel de Goyás, y el de Carballedo, de San Lorenzo de Muimenta, y á la segunda, los que arriba se ha dicho. Se erige en iglesia parroquial la

*Boletín Eclesiástico do Bispado de Lugo (18/09/1891); p. 420
(imaxe tomada de GALICIANA)*

Previamente a este arranxo de 1891, o interrogatorio do Catastro de Ensenada xa delimitaba, polo norte e o levante, a extensión da parroquia de San Miguel de Goiás por terras que hoxe forman parte da actual parroquia da Veiga. Goiás encadrábase na xurisdición de Deza e, daquela, na provincia de Lugo, quedando fixados os seus lindes tal como se describe a continuación (en negra, os elementos delimitadores da parroquia localizables a día de hoxe; en vermello, aqueles marcos dos que non demos atopado referencias físicas ou, cando menos, testemuños orais da súa existencia):


*...dicha felegresía tendrá de distancia de L. a P. una legua, y del N. al S. otra, y de circunferencia cuatro legua que para caminarlas se ocuparán seis horas. Linda principiando por el L. en el **Puerto de Bales**, de aquí a **Mamoa Furada**, **Espiño de Lama Podre**, **Mamoa de Nogallaos**, y **Pena de Cabalo**, por el NORTE con el **marco Avieiro** y **pena de el Corvo**, y **Puerto Luxoso**, por el P. en la **mamoa de el Toxo**, **coto de Piedras Rubias**, y al de **Ventosea**, por el S. linda en el **Puerto do Río**, **Riego de Olleiro**, **Penedo de Maá**, **marco Pion** y sigue al **Puerto de Vales**, que es la primera demarcación. Linda por el L. con*

la feligresía de San Julián de Pedrosa, por el P. con la de Santa María de Filgueira, por N. con la de Santiago de Sello, y por S. con la feligresía de San Cristóbal da Pena, su figura es la del margen y responden



Imaxes do Catastro de Ensenada correspondentes aos lindes de Goiás. No recadro vermello, o perfil da parroquia segundo o interrogatorio

(imaxes tomadas de PARES)




Marcos delimitadores e perímetro aproximado da parroquia de Goiás (segundo o Catastro de Ensenada). En cor azul, os recoñecidos. En cor amarela, os que non demos localizado, pero aproximadamente se atoparían aí.


A presenza de microtopónimos referentes a ríos, mámoas ou montes como marcadores da delimitación parroquial, deixa entrever a importancia que ten o mantemento daqueles na definición espacial dunha entidade. É máis, aínda que agora xa non exista algunha das mámoas referida como marco do límite parroquial, sempre quedará no tempo un nome, un topónimo, que nos aportará unha valiosa información para o coñecemento, neste caso, da historia e dos lindeiros de Goiás.



Perfil actual da parroquia de Goiás tras o Aranxo Parroquial de 1891



Superposición de ambos perfís (en amarelo, o anterior a 1891)



Mapa da provincia de Pontevedra. Situación da parroquia de Goiás (Torres e Pazo, 1994)



Aldeas da parroquia de Goiás

Como orixe do nome **GOIÁS** adóitase propoñer o antropónimo gótico **Gaudilanis**, xenitivo de *Gaudila* [*(villam) *Gaudilanis: de Gaudila (Gaud + ila)], que ao mesmo tempo é o diminutivo ou hipocorístico do nome xermánico *Gauda*, formado sobre a raíz *gaud* (“godo”). Na *Colección Diplomática do Mosteiro de Santa María de Oseira* consultada a través do CODOLGA, aparecen seis referencias textuais a este nome.

A primeira é de 1241, na que figura *filigregia Sancti Michaelis de Guaais... Suarius clericus de Guaais, Mateus monachus capellanus de Gaais*. A segunda, de 1248, di: *parrochia sancti Michaelis de [Go]yaes*. A terceira, de 1248, fai referencia a *Suerius Iohannes de Goens*. A cuarta, de 1251, tamén volta a referirse a *Suerius Iohannis prelatus de Goyaes*. A quinta, de 1284, di: *cadea de sam Migeel de Guayaes*. A última é de 1297, na que fala de *Pedro Suarez capellan de Goyaes*.

A través do portal PARES, no *Catálogo do Arquivo Monacal de Oseira en 1629*, publicado en 1993 (volume III, capítulo 1775, páxina 299), tamén se recolle unha mención a Goiás nun documento notarial de 1362 (que leva por título atribuído “María Fernández, manceba que fue de Juan Fernández de Goiás, clérigo, presenta una carta sobre las mandas testamentarias que el dicho clérigo dejó a su muerte”): *Fernan Collaço et Martin Peres et Johan Peres et Fernan Miges de Beyllas jurados a os santos avangeos et preguntados se sabem commo o dito Johan Fernandes fez et outorgou sua manda a tenpo de sua morte, et disseron que iasendo o dito Johan Fernandes doente da door de que moreu que feso sua manda et seu testamento en esta maneira, que mandou sua alma a Deus et carne soterar a a igreja de Sam Migell de **Goias** et ontre llas outras coussas que mandava a o moesteiro d ' Oseyra a herdade con suas derreyturas que el avia en Baral [. . .] llas que he en a frigesia de Sam Migell de **Goias**, et que feso [seus herees] Martin de Regufe clerigo et Johan Peres d o Souto, et que feso seus conpridores seus criados Fernando et Sancha et Tereyia Anes.*

2.- Goiás e as súas ALDEAS

A poboación de Goiás distribúese en once aldeas:

1.- **BEILÁS**: O nome procede do xenitivo *Vegila*, *-anis*: o antropónimo **Begila/Vegila** ou **Beila/Veila** consta dun tema gótico ***weig** “loita”, quizais relacionado co antigo alemán **baga** “disputa”. A este tema uniuse o sufixo diminutivo *-ila*, que era átono e foi moi usado en nomes persoais, como Atila “paiciño”, Froila “señoriño”, Sunila “neniño”, etc... O xenitivo destes antropónimos remataba en *-anis*: Atilanis, Froilanis, Sunilanis, etc..., dos que saíron moitos nomes de lugar galegos acabados en *-as* e en *-ans*, coma Beilás, que non foi máis ca unha **vila de Begila/Beila** ou **Vegila/Veila**.



Núcleo da aldea de Beilás

Nun estudo que o profesor Nicandro Ares realizou sobre este topónimo cita catro textos documentais (Ares, 2004, p. 200). Dous están tirados da *Colección Diplomática do Mosteiro de Santa María de Oseira*, elaborada polo profesor Romaní Martínez publicada en 1989. O primeiro é do ano 1242, no que consta que Miguel Pérez de Carragoso e P. Martín de Lalín venderon a Don Rodrigo Fernández de Rodeiro unha herdade **“in villa que dicitur Beilais e est filigregia sancti Michaelis de Guaais”** (número 498 da Colección Diplomática de Oseira). O segundo documento desta colección no que aparece Beilás, recóllese no número 578. É do ano 1246, ano no que Don Nuno Pérez, chamado Maldoado, doa a Dona Elvira Fernández, filla que foi de Don Fernando Muñoz de Rodeiro e Dona Tereixa Rodríguez, doce casais **“in Beeyas”**. Aquí non é tan evidente a mención xeográfica de Beilás, pero a xuízo de Nicandro Ares, tal forma nominal, sen dúbida, tivo a mesma orixe.

Os outros dous textos están tomados do *Catálogo do Arquivo Monacal de Oseira en 1629*, publicado en 1993 polos profesores María José Portela, Margarita Garrido e Miguel Romaní. O primeiro documento, con data de 1362, fai referencia a que o crego Xoán Fernández de Goiás, no seu testamento, doou ao Mosteiro de Oseira as herdades de **“Beylaes”**. O segundo, de 1406, relata como o abade Alfonso afora a Afonso Fernández de Goyans as herdades de **“Beiláns”**.

A referencia á familia señorial dos da Baiña (aldea do Concello de Agolada) tamén atopa credibilidade histórica na actualidade. Unha casa semiderrubada nesta aldea de Beilás cunha ducia de escudos heráldicos e o traballo que como caseiros realizaron moitos dos veciños de Goiás e das parroquias da comarca, fálannos da hexemonía que esta casa tivo ata mediados do século XX. Foi habitada pola liñaxe dos Varela de Ventosa, tal como reflicten os gravados dos seus escudos. Os veciños din que esta casa señorial dos da Baiña tiña uns setenta caseiros ao seu servizo, un dato que pon de manifesto a riqueza e poder que ostentou durante algún tempo.



Buxán



A casa de Beilás: en ruínas (imaxe tomada de <https://historiadeza.wordpress.com/2013/10/05/testamento-de-don-francisco-antonio-varela-y-saavedra/>) e dous dos escudos que flanquean unha das fiestras (fotos de César Buxán)

2.- **CÁCEME**: O nome procede do xenitivo do nome propio latino *Cacimus*. Este termo aparece na Colección Diplomática de Oseira, no documento número 498 do ano 1242. Aparece coa grafía *Cazumi*, que pode ser un indicio de que o étimo fose un nome persoal con terminación en *-imus* (átono), pois no latín vulgar era frecuente a alternancia *-imus / -umus*.

No interrogatorio do Catastro de Ensenada de 1753 aparece escrito “**Cazome**”.



Núcleo da aldea de Céceme

3.- **CASARES:** O seu étimo é un derivado do latín *casa-ae: Casale*, formado a partir de CASA mediante sufixo –ALE. De aí sae *casar* ou *casal* (que son dúas variantes do mesmo). Ben puidera facer referencia a este Casares o documento de 1242 recollido na *Colección Diplomática de Oseira* (citado en Beilás), onde se cita un lugar chamado “Casal de Outeiro”: “*in casali de Ochteru in villa que dicitur Beilais...*”.

Información popular sobre a orixe do seu nome: Os datos que sobre o seu nome nos foron facilitados non van desencamiñados co que alí en tempos pretéritos existiu. Esta palabra de orixe latina fai referencia a “casales” ou casaríos existentes nese lugar. Disto temos vestixios históricos como é, por exemplo, a existencia de paredes con escudos señoriais. Parella a esta consideración, entre os veciños existe a convicción de que o nome dese lugar se debe precisamente a casaríos que en tempos antigos se levantaban nesta aldea. Tanto é así que falan da existencia da familia dos *Carruchaos*, liñaxe que posuía terras en abundancia.



Núcleo da aldea de Casares

Pegadas desta familia eran as grandes chemineas que sobresaían sobre os teitos das casas do lugar e que agora xa non existen. Si se conserva, dándolle verosimilitude á información oral, un escudo no frontal da casa dun dos veciños desta aldea no que aparece a seguinte lenda:

ARMAS DE LOS CHV
RVCHAOS I TAVOADAS
(Armas de los Churruchaos y Taboadas)

Esta familia dos Churruchaos foi nas súas orixes un grupo de pequenos fidalgos que, en plena Idade Media, se foron fortalecendo e buscando a súa autonomía, medrando na segunda metade do século XIII. A súa estirpe oriéntase cara a Pontevedra acadando un gran protagonismo na Terra de Deza, de tal maneira que recibiría o nome de “Terra de Deça dos Turruchaos” nos documentos baixomedievais. Foi unha familia que se soubo instalar moi ben nas áreas tradicionais da casa, con excelentes relacións coas igrexas rurais e cos conventos urbanos dos mendicantes (García e Novoa, 1999, pp. 24-25).


4.- **AS CASAS NOVAS:** A súa etimoloxía procede do latín *casa*, *-ae* e *novus*, *-a*, *-um*, non sendo, posiblemente, un topónimo anterior ao século XIV.



Núcleo da aldea das Casas Novas

5.- **COTARELO:** O nome, de orixe prerromana, é diminutivo de *cótar*. Este termo contén o radical prerromano COT- (elevación no terreo) e o sufixo derivativo átono, tamén prerromano, -ARO. Seguindo unha tese do profesor Gonzalo Navaza, os topónimos con sufixo diminutivo *-elo*, *-ela* (< lat. -ELLU, -ELLA) son necesariamente anteriores ao século XII ou XIII, pois nesa época o diminutivo *-elo* xa fora substituído en galego por *-iño*, *-iña*. O termo *coto* é unha voz prelatina, probablemente indoeuropea, común ao galego, ao leonés e ao castelán de Cantabria.

Información popular sobre a orixe do seu nome: A etimoloxía deste nome fai xustiza ao existente, pois nesta aldea é onde se sitúa un dos castros máis vistosos da Comarca de Deza (o Castro de Cotarelo), e un cotarro que recibe o nome de “Os Cotarelos”, lugar que, segundo os veciños deste lugar, foi o que deu o nome á aldea citada. Non van moi descamiñados os informadores, xa que a súa interpretación vai na liña do aportado en canto á etimoloxía deste nome.



Núcleo da aldea de Cotarelo


A Cotarelo tamén pertence a zona de Lagoas, lugar que se atopa ao pé da estrada EP-6009. Segundo os veciños, no camiño que existía previo á construción da vía nacía a auga con abundancia, non podendo ser utilizado nas épocas máis chuviosas do ano. A acumulación de auga asemellárase a pequenas lagoas (do latín *lacuna*, -ae), de aí o nome actual.




O Castro de Cotarelo pola súa cara Leste

O Castro de Cotarelo:

O castro de Goiás atópase situado no extremo oriental da parroquia, a 500 m. ao oeste do núcleo de Cotarelo. As coordenadas xeográficas son M.T.N. nº 122, 42° 41' 15" latitude norte e 8° 06' 47" lonxitude oeste, cunha altitude de 656 m. O seu código de identificación oficial é GA36024021. Arredor do xacemento esténdese un entorno agrícola, subdividido en numerosas parcelas de dedicación agropecuaria, así como frondosos soutos, carballeiras e piñeirais.



Mapa da parroquia de Goiás coa localización do castro



Localización do castro co emprazamento dos outeiros veciños e dos microtopónimos que o rodean

A descrición que se ofrece deste castro no PXOM lalinense, tomada da obra *Guía dos Castros de Lalín* de Carmen Buxán, é a seguinte:

Posúe un recinto central de forma ovalada que mide de N-S 100 m. e de L-O 88 m. Está protexido por unha muralla que ten unha altura de pouco máis de 1 m. na súa cara interna na metade septentrional, a máis desprotexida naturalmente. Na actualidade hai dúas portas de entrada, unha ao N, que parece moderna, e outra ao L, máis cegada, que parece a máis antiga. Un segundo recinto rodea a parte central, sendo máis visible na zoa occidental, onde está protexido por unha muralla e un foso, mentres que no lado N deféndese cunha muralla. O lado L atópase desfigurado por os cultivos. O recinto, cultivado na maior parte, domina unha zoa de cultivos no sector L, cara a onde se orienta, mentres que no resto predomina o matorral xunto con carballeiras e soutos. (Buxán, 1989, pp. 36-37)

Nas observacións faise constar que: O castro e o seu entorno están sendo expoliados sistematicamente con detectores de metais. Na base da muralla no lado L hai unha cova.



Vista leste do castro de Goiás




Vista do antecastro



Vista da croa do castro de Goiás na que se aprecia unha elevación do terreo circundante por efecto da muralla (zona leste; dirección sur-norte)



Vista da parroquia de Goiás desde a cima do castro



Vista do foxo do castro (dirección sur-norte)



Vista do foxo do castro (dirección norte-sur)



Vista do terraplén da cara noreste



Vista da rampla de acceso á porta norte



Vista da rampla de acceso ao castro por a zona leste

Téñense atopado muíños de pedra, algúns deles fracturados polo paso do tempo e, sobre todo, polos traballos de adecuación das terras para o cultivo. Outros perdéronse, e varios, segundo os testemuños dos veciños máis vellos, foron triturados para pisar as cuabras do gando ou facer muros.



Restos de muíños circulares e barquiformes do castro de Goiás

O folclore en torno ao castro

Sobre o castro, no que todos os veciños entrevistados coinciden en que foi habitado polos “mouros”, atopámonos con tres relatos orais que fan referencia á historia lendaria desta fortificación castrexa. A lenda da vella, o millo e os porcos; a afirmación por parte dos veciños de que na ladeira do castro, sendo eles pequenos, atoparon tumbas e osos de defuntos; e a conexión entre este castro de Cotarelo cos castros da Veiga e de Donramiro mediante unha mina que se bifurca cara unha trabe de ouro e outra de alcatrán, constitúen algúns dos datos que, sobre este xacemento histórico, corren entre os veciños de Goiás¹.

- *A lenda da vella, o millo e os porcos*

Esta lenda hai que situala dentro da consideración que teñen os castros e os seus habitantes dentro do panorama cultural e antropolóxico do mundo rural galego. Como xa se dixo antes, para os veciños de Goiás os moradores desta fortificación foron os “mouros” que, segundo a tradición popular, destacaban por tres actividades. A primeira delas era a de *construtores*, que é a referencia máis estendida (construíron os castros, axeitados á época de guerras constantes que foron “os tempos antigos”, túneles, covas,...); a de *gardiáns de tesouros*, sobre todo as mouras; e *actividades semellantes ás humanas* na súa vida diaria, entre as que se atopan o cociñar, o ir á auga para os labores diarios, o lavar e poñer a enxugar a roupa, criar galiñas, fiar, tecer, facer a matanza do porco contando coa axuda dos veciños, moer o gran que se vai utilizar para facer o pan no forno. Celebran festas e cantan, van á feira vender o seu gando e comen carne de porco que mercan ou acadan engordando os cochos dalgún veciño, tal como aparece relatado na seguinte lenda que nos foi transmitida polo señor Antonio Alvarellos Pereira, veciño de Cotarelo (1920-2016), e a quen xa lla contara o seu avó.

Con ánimos de contador que cree a cegas no que está narrando, localizounos perfectamente a historia dándonos “datos históricos contrastados”, como que o home que viña traer os porcos a comer era nativo da casa do Ferreiro do Souto, que queda a un quilómetro aproximadamente de Cotarelo. Comezou a súa narración dicindo que antes había o costume de botar os porcos fóra para que comesen e, nesa procura de alimento, sempre viñan parar ao castro aquí referido. Cando chegaban, saíalles ao encontro unha *muller vella* (moura) que lles daba millo. O dono dos animais viuna un

¹ Estas e outras lendas da comarca de Deza (540 en total a 1 de xuño de 2024) poden consultarse no enlace web [lendasdamourindadedeza](https://www.lendasdamourindadedeza), da nosa autoría:
<https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1633iFwNChHhP51QbdarVgpHdC9U&femb=1&ll=42.702953982918174%2C-8.131513549999996&z=10>

día e preguntoulle por que lle daba o millo. Ela díxolle que non se preocupara, xa que lle estaba axudando a mantelos coa condición de que, cando os matara, lle levara as miudanzas (fígado, riles,...) para probalas. O home foi de palabra e levoullas nunha cesta tapada cun trapo. Ela, tras recoller o pactado, pediulle a cesta e devolveulla chea. Antes de que marchase o home, aconselloulle que non mirase o contido da cesta ata chegar á casa. Pero no medio do camiño, “*como os homes somos tan ‘atufados’*”, mirouna e atopou carbóns no cesto. Ao ver iso, tirou con eles. Cando chegou á casa a muller preguntoulle que lle dera en agradecemento a “vella”, ao que el contestou que lle entregara carbóns e que tirara con eles. Cando a muller ía gardar o cesto, ao quitar o trapo que o tapaba, viu que un carbón quedara preso nel; caeu ao chan, coa sorpresa de que non era carbón senón que era ouro. Inmediatamente volveron ao lugar onde tirara o home o carbón (“ouro”), pero alí xa non apareceu nada.

Esta é unha lenda semellante a tantas outras que con esta temática existen dentro do folclore castrexo, pero a verosimilitude e o ímpeto con que este veciño a contou danlle unha nova perspectiva facendo dela algo exclusivo desta parroquia. A esta mesma lenda fai referencia, con pequenas variacións, González Reboredo cando di que no “Castro de San Miguel de Goiás,..., unha das súas ‘mouras’ dáballes millo ós porcos dos veciños, e regaloulle a unha muller que a chegou a ver, un montón de carbóns que se volveron ouro ó tiralos” (González, 1971, p. 50).

- *Os enterramentos no “Adrio” do castro*

Sobre a arquitectura funeraria do mundo castrexo temos, en xeral, coñecementos mínimos, reducíndose a elementos soltos que apenas nos permiten ter unha idea aproximada. Isto contrasta coa cultura de épocas anteriores como a Megalítica, na que, en lugar de descoñecer os seus aspectos funerarios, son estes precisamente os máis coñecidos. Neste senso, sen termos referencias materiais visibles na actualidade, resulta interesante expoñer as ideas que sobre os posibles enterramentos dos “mouros” circulan entre os veciños deste lugar, podendo ser extensibles a moitas outras xentes que viven preto dun asentamento castrexo e que, de seguro, están influenciadas polo folclore deste singular mundo dos nosos antepasados.

Entre os veciños, unha gran cantidade de referencias sobre a posible arquitectura funeraria fai alusión a “caixas” de pedra achadas por eles mesmos e que no seu interior contiñan cinzas e carbóns. Estes descubrimentos casuais (no momento de traballar as terras que están preto do castro) danlles pé para falar dunha práctica do rito da *incineración* entre os seus antepasados. Eses datos palpables, aos que os entrevistados fan referencia, case nunca se conservaron co que tales testemuños deben ser

considerados con reservas. Esta é a actitude que se debe ter en canto á consideración da información que os veciños do castro de Cotarelo aportan. Un destes veciños conta que, alá polo 1930, nun predio que el posúe nunha das ladeiras do castro pola zona leste, xunto á entrada máis antiga ao poboado, atoparon, mentres fondeaban na leira con motivo de levar pedra para unha obra que andaban a facer na casa, unhas lousas duns 50 cm. de alto incrustadas na terra. Eran varias, situadas en liña recta, formando unha especie de ataúde e cunha lastra por encima tapando o contido que posuía, que non era outro que carbóns. As dimensións aproximadas do suposto “ataúde” eran dun fondo de 50 cm., cunha lonxitude de 2 m., e unha anchura de 75 cm. Outro informante, Alfredo Diéguez (1911-2005) conta como cando el era cativo, arando nun terreo situado a carón do mencionado anteriormente, atopou “ósos *de defunto*” que, segundo el, pertencían aos “mouros” que habitaron o castro. A curiosidade destes achados tamén radica no nome que reciben ámbalas dúas fincas onde foron atopados: o “ADRIO do Castro”, polo que é fácil vincular esta denominación cos restos atopados baixo esta terra de labradío. De feito, esta é a idea que sosteñen os veciños: “a finca do Adrio é o lugar de enterramento dos “mouros” que habitaron o castro hai moito tempo”. Quizais a sinxeleza desta afirmación revela a complicación e escuridade que aínda agora se pon de manifesto por parte dos estudosos do mundo castrexo.

- *A mina (trabe de ouro e trabe de alcatrán)*

Os tesouros castrexos, no afán moralizante e de mantemento dun “ethos”, cumpren unha misión memórico-máxica dentro da sociedade. Así, os monumentos antigos convértense en refuxio non só de seres “imaxinarios”, senón tamén de todo os seus poderes arquetípicos representados polos tesouros ocultos, polos tesouros que están baixo un encantamento e que “foron abandonados polos mouros cando estes marcharon”. Segundo os informadores, o castro de Cotarelo encerra tesouros ocultos aos que se pode chegar baixo unha estrutura binaria, é dicir, baixo o simbolismo da *trabe de ouro* (o bo) e a *trabe de alcatrán* (o malo), sendo esta dualidade unha das bases do equilibrio moral que se pretende entre os veciños. Entre estes, existen dúas tradicións con respecto ao lugar onde desembocan as trabes. Unha di que estas vigas, de lume e ouro, chegan ata as Burgas de Ourense e que serán vistas se a un volcán que existe baixo o castro se lle dá por espertar. A outra di que as trabes comunican este castro co da Ponte (parroquia da Veiga). González Reboredo (1971) dá unha versión distinta sobre a que recolleemos entre os veciños. Di: “Trabes de ouro e xofre: variante que só localizamos en SAN MIGUEL DE GOIÁS (LALÍN-PONTEVEDRA), en cuxo castro hai dúas chaves que van ata o de Donramiro: unha de ouro ou wolfram e outra de xofre” (p. 81). Como se aprecia, o elemento que contén a “trabe do mal” é diferente

do dato que nos deron os veciños. Ademais, segundo os datos deste autor, esta mina vai saír ao castro de Donramiro e non ao da Ponte, dato que tamén seguiron outros autores como Vázquez Crespo e González Alén na súa obra *A Comarca do Deza* (1989), onde din: “Preside esta antiga comunidade -referíndose a Goiás- o correspondente castro, que a lenda cre comunicado co de Donramiro por un túnel, con ‘trabes de ouro e mirra’ e habitado por unha moura que, en varias ocasións, foi pillada botándolle millo aos porcos da vecindade...” (p. 266).

Esta lenda, a xuízo do que nos contaron veciños do castro, tivo que ter moita influencia sobre a cosmovisión popular dos antepasados desta parroquia, xa que alá polos anos 1870-80 tres mozos de Cotarelo, coñecedores do relato que falaba de que no interior do castro existía un tesouro, puxéronse a facer un buraco, que daría en mina, na ladeira sueste da citania e que aínda pode verse con total claridade. Día tras día, no intento de acadar o tesouro e ata case quedaren sen folgos, foron escavando coa única ilusión de se faceren ricos. Pero sempre hai xente astuta, tal como foi o caso dun deles. Este, xa canso de tanto buscar e vendo que nunca atoparía nada, optou por gardar de noite un bote cheo de pedriñas no fondo da mina. Cando ao amencer se dirixiron os tres mozos a seguir coa súa tarefa, o citado veciño, despois de dar algunhas picadas, colleu o bote e axitouno (o ruído que dentro do latón producían as pedras era coma se fosen pebidas de ouro) cara os seus socios, dicíndolles: “Eu para min xa teño; vós seguid”, botándose a correr polo agro abaixo. Este conto vale perfectamente para ver o interese que había entre os veciños e os coñecedores das lendas de tesouros castrexas por facerse co ouro que lles resolve a vida. Pero, como case que en todos os casos, o fracaso adoita ser a fin dos seus obxectivos.



Entrada da mina do castro

Anos máis tarde, a mediados do século XX, o señor Modesto López si atopou ouro no agro sito na ladeira leste do castro. O seu relato, que pode ser consultado en youtube (*Vintedous gramos de ouro*; <https://www.youtube.com/watch?v=-WHWpkU5Rfk>) é este:

O agro do castro estaba de millo. Isto debeu ser no 1952 ou no 1954. Non sei certo o ano que foi. O día de Corpus presentouse unha treboada brava. Moi brava! E deu en chover, ai mi madre! pero era moita auga! Levantou os quinteiros da aldea, que estaban estrados nos camiños, ata o Prado da Lama; area e pedras; pedras que... case valían para botar nunha grade. Meus irmáns, meu pai e eu traballamos un milagre. Daquela eramos catro homes novos. Pero así e todo deunos moito traballo librar o Prado da Lama dos toxos e da terra que a auga arrastrou ata alí. A treboada foi moi grande.

Desde a cima do castro, coa auga que se xuntou, abriuse no agro un rego de máis de vinte metros de ancho. E esa auga viña pola eira do Ineso, caía por Detrasdaseiras, e baixaba polas hortas e os prados da herba verde. Viña un río ancho...

E dicíamos:

- Ai meu Deus, vai varrer o agro! Varre o agro! Varre o agro!

Pero non lle tiñamos que facer! A treboada foi calmando, pero o millo, ás beiras, quedou moi deitado, e o do medio arrancouno, marchou con el. Dixemos:

- Ben, pois... ímolo arranxar algo.

Marchamos coas sachas ao día seguinte ou ao outro máis -non sei que día foi-; e dixemos:

- Vámolos endereitar nas beiras.

Porque no medio deixou por aí... máis de dous metros ou tres sen un grao; varreu todo desde a cima do castro. Onde formou quela o río, varreu todo. E fómolo arranxando. Eu estaba sachando e chamoume a atención unha pedriña que era coma unha castaña dun ourizo; a da beira dun ourizo. Mireina, e dixen:

- Mira que pedra, mira que cousa rara.

Pero, era doutra cor que non eran as pedras. Entón collín a pedra e dei en mirar nela.

Alí á beira estaban o Bieito e Manuel do Xastre. Este tiña alí unha leira. E díxome Manuel:

- Ahhh! Iso non será, parece que é ouro?

Díxenlle:

- Non sei, eu que é non o sei, coma unha pedra non é.

El, que era moi proeiro, contestoume:

- Douche eu dez pesos por ela.

E díxenlle eu:

- Toma!

Pero Manuel retraeu os dez pesos. Non mos deu! E veu o Bieito e mirouna e dixo:

- Toma, douchos eu; douche eu os dez pesos.

E díxenlle eu:

- Pois agora non chos quero nin a ti nin a Manuel do Xastre. Agora téñoa eu e é un recreo que teño aquí; é unha cousa nova, téñoa aquí.

O Bieito era máis fino. Eu metina ao peto, erguemos o millo, e viñen para a casa. Pero dei en cismar:

- Esta pedra non é pedra, esta pedra nin é ferro.

Fun a Lalín e leveilla a Zalabeite, o dentista que había en Lalín. Era un dentista... un animalíño, era moi bruto, era un animal! E ensineilla:

- Home, queríalle ensinar esta pedra.

Díxome el:

- A ver!

Mirouma. Meteuna nunha máquina e dixo:

- Mira! Isto é ouro preparado para facer xoias, pero eu non cha compro, eh!

Dixen:

- Ben, se non ma compra é o mesmo.

Colleuna e pesouma; e dixo:

- Pésache vinte e dous gramos, vinte e dous gramos.

Eu volvina meter ao peto.

- Pois, téñoa aquí.

Pero eu tiña amizade con don Narciso de Correos. Estando no Santón, de mozo con dezaoitto, dezanove ou vinte anos, xa lle viñera poñer a horta. Era un señor moi formal. E dixen eu:

- Voulla ensinar a Don Narciso de Correos.

Fun onda el:

- ¿Qué quería Modesto?, ¿qué necesita?

E dixen:

- Mire, esta pedra, que lle parece?

E mirouna e dixo:

- Bien, esto es oro, ¡eh! ¡Esto es oro! Y es oro bueno, oro macizo, ¡eh!

Díxenlle eu:

- Meteuma Zalabeite nunha máquina e díxome que era ouro preparado para facer xoias.

E dixo el:

- ¡Será, será!

Pesouma e dixo:

- Le pesa veintidós gramos.
- Ben, se os pesa...
- Usted no haga publicidad, no se lo cuente a nadie.

Tamén mo dixera Zalabeite. Non llo contei a ninguén. Calei. Pero eu non lle buscaba traza:

- E eu que fago? Quen me dera algo por ela?

E andaban por aquí Xosé da Mula e máis outro que se chamaba Aurelio cunhas maletas na man vendendo cadeas, medallas, reloxos, peites e cousas... Eran veciños de Ourense. Coñecíanse, pero cada un vendía polo seu: un hoxe se cadra pasaba por aquí, e non pasaba por un mes. Con Aurelio tiñamos moita confianza. Así que lle dixeran:

- Oíches! Pásame unha cousa. Teño aquí unha pedra..., topeina aí no agro e seica é ouro, que mo dixo Zalabeite. É ouro e... se tivera a quen a vender...

E díxome el:

- Para! Lévocha eu a Ourense. Lévocha eu que vou alá todas as semanas. Hei mirar se cha vendo.

E marchoume coa pedra. Eu non entendía nada. Eu que sabía! Dixo:

- Aínda non volvo. Tardarei uns quince días.
- Volve cando queiras.

De alí a un tempo chegou e díxome:

- Toma!

Deume cen pesos pola pedra.

Eu despois deime de conta! Pero xa era tarde. Houbo quen me dixo:

- A pedra valía máis de tres mil pesetas naquel tempo.

Aurelio deume cen pesos. Eu quedei máis contento cos cen pesos ca se me dese doce mil euros hoxe, porque marchei a Lalín e comprei un traxe onda Pepe Rivas. Entre o xénero e a feitura quedáronme dez pesos dos cen que me dera Aurelio. Costoume noventa pesos o traxe máis a feitura! Eu era o mozo máis rico de Goiás... co traxe novo, me cago na terra! Un traxe bo, eh! Coidado! Manolo de Faílde comprara outro a canda min.

Pero eu coa pedra, noventa pesos... Pero ti sabes o que eran noventa pesos daquela?... A min, cando ía traballar a xornal, dábanme un peso, un peso a seco! E noventa pesos metinllos ao traxe. Pero eu era un mozo, eu tiña proa, e dixeran: Vou mercar un traxe bo. Nunca o tiven coma el na miña vida.

Así e todo, despois quedoume moito pesar porque algúns que o souberon, díxéronme:

- Pero home! Como habías dar esa pedra así, que a pedra valía máis de tres mil pesetas.

Claro que me roubaron. Aurelio rouboume; pero bo foi por me dar algo, que se non me dera nada... Se me dá vinte pesos eu quedaba contendo o mesmo. Aínda gañei ben. Pero máis pedras como aquela non volvíñ atopar na leira. Ouro non atopei máis. Eu non entendía máis e non teño que lle facer. Eu deina así. Mira que burro fun, que ben me viña agora...

Os dez pesos que me quedaron, xogueinos. Íamos xogar á taberna do Reboira ás sete e media e, peseta a peseta, os dez pesos logo os acabei. Eu non tiña unha perra... pero o traxe quedoume, o traxe fíxeno!

E isto pasóucheme nese ano, non sei se foi no 1952 se no 1954... Pasoume coa pedra do castro.

A min o castro nunca me deu máis nada ca iso.

6.- **DELAPARTE**: A súa etimoloxía procede do pronome demostrativo latino *ille*, *-illa*, *-illud* e *pars*, *partis*. Ten de particular a conservación do -L do artigo. O -L consérvase neses casos cando vai precedido de consoante, polo que se cadra o étimo non é DE+ILLA(M)+PARTE(M), senón que en lugar de formarse coa preposición *de* formouse co *des* (DE+EX). Correspóndese cun topónimo de situación.



Núcleo da aldea de Delaparte

7.- **A IGREXA**: O seu nome vén dado pola situación da igrexa parroquial de Goiás. A etimoloxía procede do grego *ekklesia* (=assemblea, congregación), e que foi asimilada polo latín *ecclesia*, *-ae*.



Núcleo da aldea da Igrexa

A igrexa románica de San Miguel de Goiás:

A igrexa, pequeno monumento rural de estilo románico, construída no século XII, é das poucas igrexas que aínda conserva as partes principais da primitiva construción románica. Consta dunha nave rectangular con dúas capelas laterais, erguidas posteriormente, unha ábsida semicircular cun corpo superposto e unha fachada con todas as trazas do estilo románico.

No interior, o arco triunfal que separa a nave do presbiterio está formado por un arco de medio punto, columnas encostadas, con capiteis florais e bases toscanas con garras. A clave do arco foi decorada con posterioridade con apliques de madeira con cabezas de anxos policromados e no centro cuns anxos que sosteñen un escudo nobiliario que serve de pedestal a unha estatua da Virxe co Neno. O presbiterio consta dun tramo recto que termina nunha ábsida semicircular, que na actualidade ten un retablo barroco que oculta as xanelas románicas que se abren nos muros. O primeiro tramo está cuberto cunha bóveda de canón e o espazo semicircular con bóveda de cascarón, mentres que a nave está cuberta con teitume de madeira a dúas augas. A ábsida está decorada con rechamantes pinturas que semellan cortinas e outros motivos ornamentais, que ocultan o seu valor arquitectónico e que probablemente se superpoñen a unhas pinturas orixinais, tal vez do século XVII.

Exteriormente, a ábsida está dividida en cinco tramos por dous pares de columnas, con xanelas nos tres tramos centrais. Engadíuselle un corpo semicircular na parte superior

da ábsida e aos lados a capela dos Salgado e a sancristía, quedando ocultos parte dunha das xanelas, os tramos rectos da ábsida e as pilastras exteriores que sosteñen o empuxe do arco triunfal. As ventás teñen unha abertura en forma de saeta, enmarcadas nun arco semicircular con dobre arquivolta e un par de columnas. As arquivoltas están adornadas con bólas e axedrezado. Unha imposta corrida une os ábacos das columnas e divide a parte semicircular da ábsida en dous planos superpostos. Consérvase a antiga cornixa sostida por canzorros, que carece de función. Está cuberto cun tellado semicircular coroado cunha cruz de entrelazados.



Detalle dunha fiestra da ábsida

No muro do evanxeo abriuse a porta da actual sancristía. Sobre a súa construción temos datos no Libro de Fábrica III da parroquia, que comprende os anos 1777-1885. Esta obra levou consigo o abandono da antiga sancristía, sita na capela norte, a dos Taboada e Camba, coñecida como capela do Rosario. Foi erixida entre os anos 1795 e 1796, sendo párroco Don Caietano Gil Taboada (1773-1816) (García, 2002, pp. 181-182).




De esquerda a dereita: capela dos Gundín-Salgado, ábsida, e sancristía

No muro sur da nave, á altura do presbiterio, hai unha capela funeraria renacentista, do século XVI e XVII, de planta poligonal no interior e semicircular exteriormente. Foi unha capela particular destinada a panteón familiar dos Gundín-Salgado, donos do pazo de García Sánchez, casa señorial situada actualmente na parroquia de Xaxán e que, ata mediados do século XVIII, estivo baixo os dominios da freguesía de San Miguel de Goiás.

No muro exterior desta capela hai dous escudos, un coas armas da familia, formados por dúas torres almenadas con dúas aguias que pican nun saleiro apoiado nunha torre central e bordeando o escudo unha cadea pechada en punta cun cadeado; encima unha inscrición que di: *Armas dos Salgado*. No outro escudo están as armas dos Gondines, unha figura ecuestre con lanza en ristre e unha inscrición ao redor que reza: *Alfonso Rei de Catilla el de la palma urada el que desligó al que ligado estaba*.

Nesta capela atópanse tres enterramentos realizados nos inicios do século XVII. Todos teñen as súas lastras frontais gravadas co nome dos alí enterrados e cos mandatos que deben ser cumpridos polos cregos rexentes da igrexa parroquial. Dous dos sepulcros teñen forma prismática e tapa de planos unidos en aresta. O terceiro conta cunha estatua orante de tamaño real do abade Amaro Gundín Salgado. Sobre esta estatua existe unha lenda en relación con outra que se atopa na nave principal ao fondo da igrexa. Esta última representa a imaxe xacente dun cabaleiro da familia dos Taboada,

revestido con armadura e cun can aos seus pés. A lenda que circula entre os veciños emparenta de forma violenta as familias propietarias das dúas capelas. Reza a tradición que o abade Amaro Gundín Salgado (da Casa de García Sánchez) foi asasinado, mentres celebraba a Santa Misa, polo cabaleiro ao que os informantes lle atribúen o título de “Conde da Baiña”, sendo dono da aldea de Beilás onde aínda se atopan as citadas ruínas do casarío desta familia señorial. A xente di que cando o cura ía dicir a misa, o can do cabaleiro sempre lle saía ao paso ladrándolle, ata que un día o cura, falto de paciencia, matou ao can. Entón o cabaleiro, todo enrabeado, foi á igrexa e, mentres o abade dicía a misa, pegoulle un tiro. A consecuencia deste asasinato dentro da igrexa foi o cambio de lugar a que tivo que ser sometida, xa que ao ser derramada sangue de forma violenta dentro dun templo había que cambialo de sitio. Segundo os informadores, a igrexa parroquial de Goiás atopábase nunha finca que se coñece co nome de Nabal de Queitano, a uns 400 metros da situación actual do templo.



Sepulcro do Abade Amaro Gundín Salgado

Á marxe desta lenda, este abade, fillo De Cristóbal Gundín Salgado, foi o fundador desta capela e o primeiro crego que fixo efectivo o mandato do Concilio de Trento no tocante aos Libros Sacramentais e de Fábrica. Da súa man consérvase no Arquivo Central Parroquial da Diocese de Lugo (AcpLu) un pequeno libro de 14 cm. de ancho por 20 de longo, cun total de 42 páxinas. Nel, a primeira metade está cuberta polos asentamentos matrimoniais e a segunda polos de defuncións. Non aparecen referencias a bautismos. O libro abrangue desde o ano 1623 ata o 1655.

No muro norte hai outra capela, coñecida como a do Rosario, que tamén foi señorial segundo se desprende do escudo que ten na parte exterior, con brasóns das familias nobres da comarca: Lemos, Taboada, Quiroga, Camba e Churruchao. Como referimos antes, foi empregada como sancristía ata que foi construída a que existe na actualidade. É de planta rectangular e está cuberta con bóveda de medio canón. Nela antigamente estivo o sepulcro que agora está no ángulo esquerdo da entrada da igrexa. O motivo do seu traslado atópase rexistrado no Libro de Fábrica II. Nun auto de 1721, o visitador diocesano ordena o seguinte: “... y por quanto un sepulcro queay Grande enesta ygl^a. Esta ocupándola, [...] dispone su lttma sebaje y seponga tras lapila Vaptismal donde sera menos el ynconveniente...”.


O sepulcro posúe unha estatua xacente dun cabaleiro da Casa de Beilás (protagonista do relato lendario sobre o asasinato de Amaro Gundín), revestido con armadura e esculpido cun gran realismo de detalles, contando cun can aos seus pés. Tamén ten esculpida unha labra heráldica nun dos laterais. Flanqueada por dous anxos, presenta un cuartelado en cruz: o primeiro e o cuarto cuarteis, adornados cunha camba; o segundo e o terceiro, con dúas táboas postas en vertical.




Sepulcro xacente do cabaleiro da casa de Beilás



Escudos dos Salgados e Gondines



FONTE: Arquitectura Románica en Pontevedra (Bango, 1979, p. 128)



Planta actual da igrexa (elaboración propia)

- 1) Capela dos Taboada e Camba – Capela do Rosario;
- 2) Sancristía;
- 3) Capela dos Gundín-Salgado (García Sánchez)

elementos decorativos que animan a fachada, dándolle un interesante xogo luminoso. Sobre a porta hai unha xanela saetera. A fachada remata nunha espadana de tronera dobre utilizada como campanario. A igrexa está cuberta cun tellado a dúas augas. E segundo se observa nas marcas dos muros da fachada, antigamente tivo un tellado a dúas augas formando un pórtico sobre a porta principal, moi frecuente nas igrexas rurais e que se utilizaba como lugar de reunión veciñal.

Nos muros laterais, as xanelas foron modificadas. Consérvanse as xanelas do muro sur con forma de saeta. Neste muro hai unha porta lateral con dobre arquivolta semicircular e un par de columnas, e que foi modificada achicándoa cun dintel completamente alleo á traza orixinal. O tímpano é liso aínda que se notan restos de que tivo algunha ornamentación. A porta lateral do norte desapareceu, o mesmo que algunha xanela ao construírse a capela dos señores Lemos, Taboada e Camba. A cornixa dos muros laterais está sostida por unha colección de canzorros estreitos decorados algúns con formas sinxelas (Vidal, Historiadeza, 2015, La iglesia de San Miguel de Goiás).

Cruceiro da Igrexa

Este cruceiro atópase a carón do atrio da igrexa de Goiás. As súas coordenadas UTM son X: 574,580 / Y: 4,558,400. O seu estado de conservación é bo, aínda que con algúns musgos e liques. Cómpre destacar que lle foi espoliada unha figura do fuste xa hai máis de 50 anos. Esta imaxe ía asociada a outras tres que aínda se conservan: unha do Sagrado Corazón de Xesús, e dúas laterais, situadas un pouco máis arriba, de Virxes pregando.

O seu autor foi Manuel González Perdiz, en 1901. Unha inscrición no pedestal di a quen foi dedicada: DEDICADO AL SANTISIMO PADRE LEÓN XIII, ALABADO SEA DÍOS E á súa dereita reza: EXCMO. OBISPO DE LUGO R D BENITO MORUA. GLORIA A LOS SANTOS..... Na parte baixa do varal posúe outra inscrición relativa a unha misión celebrada en 1906 que di así: TU ERES NUESTRA ESPERANZA, SANTA MISIÓN DE LOS Pp. FRANCISCANOS EN 19 DE MARZO DE 1906. Pola parte traseira di: SALVE CRUZ PRECIOSA.

A súa descrición é a seguinte:

- Plataforma: cuadrangular
- Base: monolítica, cuadrangular o principio e pasa a circular con unha gran barriga para volver a estreitarse na cima facendo unha escocia pronunciada e rematando en bocel
- Fuste: empeza cuadrangular, pasa a octogonal, e ao final é cúbico

- Capitel: de forma octogonal, astrágalo octogonal, liso; ábaco de lados curvos con vértices en chafrán, volutas, follas de acanto e querubíns
- Cruz: de sección circular, liso. *Anverso*: Baixo o pergamiño INRI, Cristo crucificado, cabeza cara diante, con coroa de espiñas, mans case pechadas, perizoma ou pano de pureza anoado á dereita, e tres cravos. *Reverso*: Virxe María co “Ecco Homo”, enriba dunha peaña semicircular, mira ao ceo.
- Altura: 580 cm.



*Cruceiro da Igrexa retratado polo SEG o mércores 27 de xuño de 1928
ou o xoves 26 de xuño de 1930*



Localización dos cruceiros de Goiás

8.- **PALMAZ**: A súa etimoloxía arranca no xenitivo do nome latino de *Palmatius* , -ii, palabra que ao mesmo tempo deriva de *palma*, -ae (Navaza e Toimil, 2000, p.55). O termo *Palmaz* aparece tamén nun documento de 1242 recollido na *Colección Diplomática de Oseira*, facendo referencia a un tal *P. Martini de Palmaz* (Romaní, 1989, pp. 467-468):

- *Mateus monacus capellanus de Gaais, P. Munionis de Cazumi, P. Martini de Palmaz, P. Munionis maiordomus. regnante rege F., I. Arie*
- *capellanus de Gaais, P. Munionis de Cazumi, P. Martini de Palmaz, P. Munionis maiordomus. regnante rege F., I. Arie archiepiscopo Compostelle*

Información popular sobre a orixe do seu nome: Sobre a aldea de Palmaz os veciños din que o seu nome se debe a que en tempos pasados (hai aproximadamente 250 anos), a familia dos Palmaces de Donramiro (Lalín) chegou a esta aldea para facerse cargo dunhas posesións que adquirira na mesma.



Núcleo da aldea de Palmaz


Como curiosidade, dicir que nesta aldea viviu a famosa “meiga-curandeira” de Goiás. A señora Florinda, falecida en 2017, herdou esta habilidade da súa nai, a señora Encarnación. Segundo ela, ese don de curación que posuía non se aprendía, senón que se nacía con el. As doenzas máis habituais polas que acudían a ela eran o ter o estómago caído, que os nenos tiveran lombrigas, problemas de pel como herpes ou picaduras de arañas e réptiles... Pero tamén axudaba a curar males psicolóxicos e depresións escoitando e animando á xente a saír cara a diante.

Para as súas curas non empregaba herbas especiais, nin apócemas, nin beberaxes, tan só as súas mans, as palabras aprendidas de súa nai (como por exemplo: *se es araña, arañón, vaite para aquel paredón*), e unha certa invocación divina (rezo dun Nosopai ou dunha Avemaría). Para as enfermidades graves, ela mesma recoñecía que estaban os médicos. Ademais destas, tampouco actuaba no relativo a forzar unha relación amorosa de parella nin nas cousas do demo, para isto último xa estaba o Santuario do Corpiño.



A señora Encarnación, nai da señora Florinda, a primeira meiga-curandeira (Fondo Fotográfico Rey-Henningsen. Arquivo Gráfico do Museo do Pobo Galego)

Esta aldea atópase atravesada polo Camiño de Inverno, que é a entrada natural a Galicia desde a meseta, un acceso xa usado polos romanos. Pénsase que puido xurdir como alternativa, en época invernal, á dura subida aos cumes nevados do Cebreiro, por onde penetra en Galicia o Camiño Francés, e tamén para evitar os desbordamentos frecuentes dos ríos do val do Valcarce.



En amarelo, trazado do Camiño de Inverno (de leste a oeste, dirección Santiago). Nos recadros vermellos, a localización das aldeas da parroquia

9.- **PAREIZO:** Sobre a súa etimoloxía non temos referencias exactas, agás unha hipotética que se fai no *Nomenclator de parroquias, lugares, villas y aldeas, que se leen*

en los documentos medievales de Lugo, atribuído a Buenaventura Cañizares. Nel aparece: “**Paraizu** = Pareizo, Goyás, Deza? – 29 abr. 887 (data)” (Cañizares, 1997, p. 167). Pero non é segura, a xuízo do mesmo autor, a identificación desa forma medieval co topónimo actual. O texto reza así: “*Berducedo: Bitolarios: Sandurci. ad gallegos ad castanaria. Pescoso in Deza. **Paraizu**. Pastoriza. Navego. Asma. insuper et de omni omnino re mea*”.

Outra referencia sobre a etimoloxía desta palabra atopámola nun documento do 12 de abril de 1297 recollido na *Colección Diplomática de Oseira*, onde un tal *Nuño García* vende a *Arias Méndez* e á súa muller *María Mel*, a herdade que ten na freguesía de San Pedro de Alperiz, por cincuenta soldos. As testemuñas desta venda foron *Roy Lourenço de Sello* e *Gomez Garcia de Parayço* e *Pedro Suarez capellan de Goyaes* (Romaní, 1989, vol. II, p. 1.195).


Neste lugar atópase o campo da festa na que esta aldea e a de Cotarelo honran á Virxe das Angustias. O campo está definido por unha capela erguida no 1981, un cruceiro traído da carballeira das Abileiras doado pola casa da Carreira de Cotarelo, un decena de carballos e castiñeiros, e un palco, que agora xa non está, derrubado premeditadamente o 15 de xuño de 2023.



Núcleo da aldea de Pareizo



Palco do campo da festa de Pareizo no que se aprecia o golpe intencionado no lateral dereito



Goiás conta con tres campos de festa

10.- **OS PORCALLOS:** Este nome refírese ao porco (animal). A súa etimoloxía non vén de *porcus*, *-i*, senón dun derivado medieval: *porcalius*, *porcalia*. Non se sabe se se refire ao porco bravo ou xabaril, ou ao porco doméstico. *Porcallo* é palabra común do galego para designar un porco de ceba. Se cadra o topónimo ten orixe nun alcume ou sobrenome dos habitantes do lugar, pero non nun nome persoal.



Núcleo da aldea dos Porcallos

11.- **O SANTÓN:** No *Nomenclator da Xunta de Galicia* non aparece O Santón como aldea de Goiás, senón como unha aldea da parroquia de San Ramón da Veiga. Pola contra, si aparece o lugar do Toxo como aldea de Goiás. Isto garda relación coa delimitación da parroquia realizada polo *Instituto de Estudos do Territorio*: nela apréciase que a aldea do Santón non se atopa dentro do seu perímetro. Pero para os veciños, O Santón é unha aldea máis de Goiás a todos os efectos, e O Toxo non ten entidade de aldea, pero si dun lugar pertencente a Goiás.



Límites da parroquia de Goiás segundo o Instituto de Estudos do Territorio: nel apréciase un erro, xa que non se atopa dentro do seu perímetro a aldea do Santón

A orixe deste topónimo atópase na forma de acusativo do nome persoal de orixe xermánica *Sando*, *-onis*, formado a partir do radical *sand-* (“verdadeiro”). A forma orixinaria sería polo tanto **Sandón*, se cadra alterado pola etimoloxía popular por interferencia co común *santo*. Nun documento de Oseira do ano 1258 relativo a propiedades na zona de Lalín, aparece unha testemuña chamada *M(artin) Sandon* que podería ter como apelido ese mesmo topónimo na súa forma primitiva (Romani, 1989, vol. II).



Núcleo da aldea do Santón

3.- San Miguel e as súas FONTES

Tal como xa citamos á hora de falar do topónimo GOIÁS, o patrón desta parroquia é San Miguel Arcanxo. Así aparece recollido en textos notariais depositados no Mosteiro de Oseira, onde o nome da parroquia leva asociado o do seu santo protector. A nivel eclesiástico tiña dedicada unha confraría (a única vinculada a este santo nas parroquias de Lalín xunto con Santiago de Cercio) rexistrada no *Libro de Visitas* do Bispo Bustos de la Torre, que pasou polo Deza de visita pastoral entre os anos 1702 e 1703. E do 1711 consérvase no Arquivo Diocesano de Lugo o *Libro de Confrarías de San Miguel de Goiás* (García e González, 2006, pp. 85.88).



Imaxe de San Miguel na igrexa de Goiás

Pero ademais de denominar e protexer a parroquia, este Arcanxo dálle nome a dúas fontes en Goiás, feito que agranda a estima na que é tido polos veciños. A primeira está situada entre as aldeas de Beilás e Céceme. A segunda, á que de seguido nos imos referir, atópase no camiño que baixa desde o camposanto ata O Santón. Toma o seu nome dun acontecemento que tivo lugar hai uns 80 anos, e que nunca máis se volveu repetir en Goiás. O obxectivo non era outro ca o de impetrar auga ante a seca que se viña producindo. Os veciños da parroquia acudiron a San Miguel Arcanxo que, entre outras atribucións, ten a de protexer á humanidade naquelas situacións que a oprimen. E unha delas é cando os labregos sofren longas épocas de seca que minguan os seus

cultivos. Así que no ano 1943, a xente de Goiás decidiu levar ao santo patrón en procesión ata a fonte que leva o seu nome, situada a uns 50 metros do camiño que vai desde a N-640 á aldea do Santón. O relato do acontecido é este, en boca dunha testemuña presencial, o señor Modesto López Currás, xa mencionado cando falamos do castro da aldea de Cotarelo.



O señor Modesto sinalando a situación da Fonte de San Miguel

Era polo catorce ou o quince de agosto do ano 1943. Estabamos de caseiros no Santón. Había unha seca moi grande. Saímos da igrexa de Goiás levando en procesión ao patrón, San Miguel, ata unha fonte que hai do outro lado da costa das Casas Novas para metelo na auga. E uns homes dixeron:

- Hai que ir, hai que ir que hai moita seca! Hai que levar o santo á fonte!

Chegamos á altura da fonte. E cando iamos virar de cara a ela, uns homes empezaron a discutir:

- Eh! O santo non se mete na fonte, eh!
- Como que non se mete?
- Nooon! Non se mete aí. Ao santo afianzámolo nós, que ha chover!
- Nada, que hai que metelo!
- Non se mete!
- Metémolo e nada máis! Como que non, se non chove!
- Chove! Afianzámolo nós, non vos preocupedes.
- Metelo á fonte, eh! Que non vai chover!
- No, vai chover; afianzámolo e non se mete hoxe á fonte.
- Mira que volvemos mañá, eh! Se non chove... Non ha cumprir!
- Ha home, ha; está afianzado. Non o metades.
- Metelo, eh!
- Non, non o metades!
- Ben, pois logo vamos para atrás; vamos outra vez para a igrexa.

Volvemos para atrás e dixen eu:

- Ben, é unha viaxe perdida, xa o veredes.
Entón, a uns catrocentos metros, onde está agora o cemiterio, formouse unha nube pequena, coma unha manta; e empezaron a caer unhas gotas. E dixeron:
- Ves! Xa vén unha nube.
- Que vai vir a nube oh! Que vai vir a nube!
Uns dicían:
- Mañá hai que volver con el e bañalo aí na fonte.

Na cima da Costa do Cruceiro empezaron a caer unhas pingas:

- Mira como xa veñen as goteiras!
- Que van vir, oh! Que van vir! Iso é unha nube de treboada que pasa por aí.
E antes de chegar á igrexa, a uns cincocentos metros, empezou a chover e non houbo a quen lle quedase a camiseta enxoita, o que a tiña... Mollámonos todos.
- Que? Choveu ou non choveu? Choveu ou non choveu?

Outros, sempre hai xente que non cre, dicían:

- Bo! Cadroulle.
- Como que lle cadrou? Non estamos nunha seca grande ou que?

Desde aquel ano non se volveu traer o Santo á fonte. E por iso esa fonte, desde moi vello, é a Fonte do San Miguel, á que xa os nosos antepasados trouxeran o santo máis veces. Esa fonte nunca secou. Houbese a seca que houbese, nunca secou na vida.

É a fonte do noso patrón de Goiás, de San Miguel.



O Santo Patrón sacado en procesión polo día da festa de Goiás (maio de 2017)

Para escoitar esta narración, pódese acudir ao seguinte enlace de youtube

<https://www.youtube.com/watch?v=KDXtZ3v5S00>

ou simplemente poñendo no buscador de Youtube *Modesto López Currás* e clicar nun vídeo titulado *Modesto*.



Localización das fontes de Goíás alusivas ao seu patrón


4.- Goiás e as súas AUGAS


Goiás conta con moitas fontes e regatos. O gran caudal de auga que posúe vese reflexado no elevado número de muíños que posúe, agora abandonados. Por iso cremos convinte pararnos neles neste apartado enumerando cada un deles e a información que sobre os mesmos fomos recollendo.

No interrogatorio do Catastro de Ensenada con data de 15 de xaneiro de 1753, ao que asistiron Don Alonso Nicolás de Fonseca y Patiño, Avogado dos Reais Consellos, e Xuíz Subdelegado da Real Única Contribución, Don Francisco Varela y Saavedra, tenente de Xuíz ordinario na freguesía de Goiás e xurisdición de Deza, Estevo da Torre e Manuel Gil, veciños de San Miguel de Goiás, expertos nomeados polo común Bartholome Seco, veciño da San Martiño de Prado, experto nomeado de oficio polo señor subdelegado Don Andrés Sarmiento Villamarín, cura párroco desta freguesía, aparecen referenciados 15 muíños. A resposta á cuestión 17 do interrogatorio di así:

*“Al capítulo diez y siete dixeron que en esta enunciada felegresía no hay minas, salinas, ni otros artefactos más que tan solamente **quinze molinos** harineros de una muela, el uno de ellos al sitio de Ulleiro, pertenece a Joseph da Casa, muele seis meses al año regulado su producto en treinta reales; otro al sitio do Porto de Ramos, pertenece a Pedro Fernández, muele cuatro meses al año, regulado su producto en veinte reales; otro al sitio de Ulleiro, muele tres meses al año pertenece a Francisco Fernández, regulado su producto en diez y ocho reales; otro al sitio de Porto Chancelas, muele tres meses al año pertenece a Juan de Abeledo regulado su producto a Juan de Abeledo regulado su producto en diez y ocho reales; otro al sitio da Ayra muele otros tres meses al año pertenece a don Francisco de Torres y Taboada, cura parrocho de la felegresía de San Pedro de Erbo, como tutor y curador de don Juan Baptista de Torres regulado su producto en diez y ocho reales; otro al sitio de Mamoá Grande muele tres meses al año pertenece a Benito González, regulado su producto en veinte y cuatro reales; otro al sitio de Trusbustedo, muele cinco meses al año, pertenece a don Francisco Blanco, vecino de la Felegresía de Santa María de Filgueira, regulado su producto en treinta reales; otro al sitio de Portouriz, muele cuatro meses al año pertenece a Francisco de Palmaz, su producto regulado en treinta reales; otro al dicho sitio muele cuatro meses pertenecen a don Francisco Varela, regulado su producto en treinta reales; otro al dicho sitio muele cinco meses al año pertenece a don Andrés Villamarín, su producto regulado en treinta reales, otro al dicho sitio muele cuatro meses al año*

pertenece a Manuel Faílde, su producto regulado en treinta reales; otro al sitio da Beiga, muele todo el año pertenece a Miguel de Arean, regulado su producto en sesenta y seis reales; otro al sitio de Bales, muele cuatro meses al año, pertenece a Domingo Faílde, regulado su producto en treinta y tres reales; otro al sitio de Porcallos, muele cuatro meses al año, pertenece a Alberte de Porral, regulado su producto en treinta y tres reales; otro al sitio de Santón, muele tres meses al año, pertenece a Andrés da Pena, regulado su producto en veinte reales y responden”.





Imaxes do Catastro de Ensenada correspondentes aos muíños de Goíás tomadas do portal PARES do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte
http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ImageServlet?accion=4&txt_id_imagen=7&txt_rotar=0&txt_contraste=0&appOrigen=

MUÍÑO DA ESCRIBANA (ou da MIÑOCA) (Pareizo)

Pertence aos veciños de Pareizo na súa maioría, aínda que tamén ten dereitos a casa de Reboredo de Cotarelo. Está situado en *Portolaxosa*, e é abastecido polo *rego de Portolaxosa* que recolle auga de pequenos regatos procedentes de Fontecabalos, As Raposeiras e Tras das Zarras.



Dúas imaxes do Muíño da Escribana: exterior e interior coa moa (2022)

MUIÑO DA PENA (Delaparte)

Atópase no lugar de *Regueirancha*. Aliméntase do regueiro da *Pena*, facendo linde co monte do mesmo nome, que se atopa entre o sur de Goiás e o norte de Lalín. O regueiro xorde de tres regatos que baixan desde os lugares de Delaparte, Palmaz e Alfonselle. Herdeiros propietarios deste muíño son os da casa do Pidreiro e outros veciños de Palmaz coma os da casa do Granxa, do da Lagoeiro e outros. Por fóra goza de bo estado.



Muíño da Pena (fotografía do 2001)

MUIÑO DA XESTEIRA (Delaparte)

Este aínda traballaba ata fai uns anos. Aliméntase do referido regueiro da *Pena*. Son donos del os Mingos de Alfonselle, os Barcalas, os do Outeiriño do Souto e outros.

MUIÑO DA ZARRA (O Santón)

O muíño é abastecido polo regueiro do *Santón*. Linda co monte de Entre os Cotos, Portouriz e Regueira Vella. Nel teñen posesión os veciños do lugar da Igrexa e das Casas Novas, aínda que agora está abandonado e sen auga.

MUIÑO DE CALÓN (Delaparte)

Este muíño pertence máis ben aos veciños da aldea do Souto (parroquia de Xaxán), Lalín de Arriba e Alfonselle. Foi restaurado non hai moitos anos. Nas súas proximidades atópase o lago do Pontañas e o Conservatorio Municipal de Música. O rego que o abastece é o da *Pena*.

MUIÑO DE JULIO DO SANTÓN (O Santón)

É o muíño que se atopa mellor conservado e o que ten unha mellor calidade na súa construción. O ter un único propietario favoreceu o seu coidado e mantemento en pé. O muíño posúe dúas moas, único na parroquia, e é abastecido polo regueiro do *Santón* a través dun caneiro que guía a auga ata el.



Muíño da Julio do Santón (fotografía do 2001)

MUIÑO DE LUIS (Delaparte)

Foi propiedade de Luís Taboada, sendo agora donos os da casa de García-Sánchez. Contaba cunha pequena vivenda a carón. É unha pena que só se conserve del unha parede (a que dá contra o regueiro), onde aínda se pode apreciar unha das fiestras da vivenda. Atópase abastecido polo regueiro da *Pena*.

MUIÑO DE MAMA GRANDE (ou OS MUIÑOS) (Pareizo)

Según o interrogatorio do Catastro de Ensenada, este muíño recibía o nome de MÁMOA GRANDE: “*muele tres meses al año pertenece a Benito González, regulado su producto en veinte y cuatro reales*”.

Pertencía aos veciños de Pareizo na súa maioría, aínda que tamén había veciños de Cotarelo coma os de Paulos ou os de Caxide que tiñan dereitos no muíño. Estaba situado na *Chousa do Muíño*, e era abastecido polo *rego de Portolaxosa*, que recolle auga de pequenos regatos procedentes de Fontecabalos, As Raposeiras e Tras das

Zarras. Hai anos foi arrasado, quedando só o topónimo que fai referencia á súa pretérita existencia.

MUÍÑO DE PORTOLAXOSA / MUÍÑO DA REBOIRA (os da REBOIRA) (Pareizo)

Pertence aos veciños de Pareizo na súa maioría. Ao igual que o da Escribana, está situado en *Portolaxosa* e é abastecido polo *rego de Portolaxosa*.

MUÍÑO DE PORTOURIZ (ou de FAÍLDE) (O Santón)

Según o interrogatorio do Catastro de Ensenada, “*muele cuatro meses al año pertenece a Manuel Faílde, su producto regulado en treinta reales*”.

Posúe varios herdeiros. O regueiro que o abastece de auga é o do *Santón*, aínda que aquí recibe o nome de *Portouriz* polo lugar no que se atopa. Este regueiro vai dar á Veiga, nacente nas Barrosas e no fondo do monte do Costado.

MUÍÑO DE TRASDOCASTRO (ou de OUTEIRO) (Cotarelo)

Este muíño atópase no límite parroquial con Filgueira. Pertence aos veciños de Cotarelo, e está situado no lugar da *Valga*. O regueiro que o alimentaba era o da *Abeleda*, que aínda abastece o *muíño do Outeiro*, situado a 20 metros do mesmo (parroquia de Filgueira). Actualmente está cuberto de terra ata a metade, quedando unha entrada reducida duns 50 centímetros.

O regato da Abeleda nace nunha fonte que leva o mesmo nome sita preto do castro de Cotarelo.

MUÍÑO DE XESÚS CASARES (O Santón)

Foi abastecido polo rego do *Santón*. Aínda posúe o rodicio, pero dentro dunha estrutura en mal estado.



Muíño de Xesús Casares (fotografía do 2001)

MUÍÑO DO OUTEIRO (Delaparte)

Del só se conservan restos, atopándose xunto ao antigo subideiro de auga que abastecía aos veciños de Lalín. Os propietarios son das casas do Ferradás e do Lamas de Palmaz, da casa do Curro de Beilás e outros. Atópase no regueiro da *Pena*.



Interior do muíño do Outeiro (fotografía do 2001)

MUÍÑO DO XULIÁN (Casares)

Atópase entre as aldeas de Casares e Palmaz, ao pé da pista que une os dous lugares. Pertence á familia do Xulián de Casares. Está ben conservado.

MUÍÑO DOS CASEIROS DE BEILÁS (Beilás)

Según o interrogatorio do Catastro de Ensenada, este muíño recibía o nome de "*Porto Chancelas, muele tres meses al año pertenece a Juan de Abeledo regulado su producto a Juan de Abeledo regulado su producto en diez y ocho reales*".

O muíño atópase situado en *Camporredondo* e é abastecido polo regueiro do *Santón*. Actualmente está abandonado, sen tellado, e non recibe auga. A pesares diso, no seu

interior conserva, case que que forma perfecta, o tramallo, o caixón do gran, as pedras da moa e o caixón da fariña. Os propietarios son os da casa do Ferradás de Palmaz, Victorino Pérez, os da casa de Manolo de Emilia, Xosé Mosquera, os herdeiros de Ramona Barcala, Sindo e Luís de Xoán e outros.

MUÍÑO DOS PORCALLOS (Os Porcallos)


Según o interrogatorio do Catastro de Ensenada, “*muele cuatro meses al año, pertenece a Alberte de Porral, regulado su producto en treinta y tres reales*”.


Atópase en ruínas, situándose entre o límite da aldea do Santón e o monte de Palmaz. Aliméntase do *río Madeiro*, que vai dar á Veiga. Os donos son os da casa do Carboeiro dos Porcallos.



MUÍÑO NOVO (O Santón)

É propiedade de Eugenio Crespo, Ramón García Gil e outros. O regueiro que o abastece de auga é o do *Santón*, aínda que aquí recibe o nome de *Portouriz* polo lugar no que se atopa. Este regueiro vai dar á Veiga, nacente nas Barrosas e no fondo do monte do Costado.

De seguido colocamos catro capturas de pantalla do mapa web no que aparecen situados os muíños da parroquia.







5.- Goiás e as súas TERRAS

Sen dúbida, en torno ás terras é onde se atopan depositados a maior cantidade de microtopónimos da parroquia. Todos eles poden consultarse no mapa mapa web xa citado.


Aquí, como exemplo de como a toponimia funciona como memoria popular, só imos analizar o microtopónimo **O Adrio de Queitano (Cotarelo)**, emparentado coa nomenclatura vencellada ao castro de Cotarelo. Aínda que outros como *A Chousa da Cruz de Brais*, *A Costa do Cruceiro* ou *A Pena (Monte da Pena)* tamén serían bos exemplos.

ADRIO (variante de atrio): Terreo, xeralmente cercado, que adoitan ter as igrexas ao seu redor ou ben diante delas.

QUEITANO: fai referencia ao nome da casa propietaria deste terreo.

REFERENCIAS HISTÓRICAS:


O dono deste terreo, Antonio Alvarellos, contaba que, arredor de 1930, mentres fondeaban o terreo coa finalidade de extraer pedra para una obra que estaban facendo na casa, apareceron unhas lousas duns 50 cm. de alto incrustadas na terra. Eran varias, situadas en liña recta, formando unha especie de ataúde e cunha lastra por enriba tapando o contido que posuía: carbóns? As súas dimensións aproximadas eran dun fondo de 50 cm., unha lonxitude de 2 m., e unha anchura de 75 cm.



Representación aproximada segundo indicacións de Antonio Alvarellos de como podería ser ese achado

A aparición desta especie de tumba con carbóns dentro, tamén nos permite elucubrar sobre a posible presenza neste castro dun *monumento con "forno"*. Dentro deste conxunto arquitectónico dos monumentos con "forno" temos que facer referencia ás "*Pedras Formosas*", que son pedras frontais que serven para separar dous recintos (a cámara do forno e a cámara sacra). Todas elas posúen unhas características moi semellantes en canto á forma, tipo de encaixe no muro e, sobre todo, presentan na súa

totalidade un orificio de forma circular na súa parte inferior. Mencionamos aquí este tipo de pedras xa que, segundo fontes orais, no Adrio foi atopada unha pedra cadrada, ou como os veciños din “*un escudo*”, duns 85 x 85 cm. cun debuxo dentro en forma de espiral que cubría toda a pedra.



Representación aproximada da pedra que encontrara Antonio Alvarellos

O problema de considerar esta pedra como “formosa” radica en que non posuía ningún orificio na súa parte baixa. Ademais, as pedras formosas tenden a ter forma de “casa”, é dicir, forma rectangular na súa parte baixa, na que toca á terra, e forma triangular na súa parte alta. No único que poderían coincidir é en que tanto as pedras formosas coma “o escudo” encontrado no Adrio, teñen un debuxo na súa superficie. Por estas razóns (ausencia de orificio e forma cuadrangular) preferimos tratar este descubrimento como unha lastra, referente de posibles vestixios relixiosos, ou como un elemento simplemente ornamental.

Outro dato curioso, que xunto coa “*tumba chea de carbóns*” nos pode falar da existencia dun monumento con “forno” é que os mesmos veciños, alá polo 1930, escavando nesa zona do castro, atoparon unhas paredes de mampostería que encerraban unhas habitacións cuadrangulares dunhas dimensións de 4 x 3 m. Estas ían enlazadas unhas con outras por pequenos ocos de ventá. Serían as cámaras do monumento con “forno”? O escudo, que quizais estivera deteriorado, podería ser a pedra formosa que separara as cámaras? Todo isto é mera suposición pois non existen escavacións feitas que nos poidan amosar, de forma perceptible, o que existe debaixo da terra do Adrio cuberta de toxos, silvas e fentos.

5.1.- Clasificación dos microtopónimos referentes ás TERRAS segundo as motivacións

Seguindo a clasificación dos topónimos que fan Gonzalo Navaza e Lorena Carrasco (Carrasco e Navaza, 2014) e atendendo aos seus significados orixinarios, podemos agrupar os microtopónimos de Goiás nas seguintes clases:

• **Orotopónimos ou topónimos que fan referencia á orografía, ao relevo e á constitución do terreo:** O Agro da Cancileira, O Agro da Correola, O Agro da Fame, O Agro da Igrexa, O Agro das Casas Novas, O Agro das Míllaras, O Agro de Lamelas, O Agro de Mamacavada, O Agro de Reboredo, O Agro de Vilarbó, O Agro do Burgo, O Agro do Campo, O Agro do Carballiño, O Agro do Carril, O Agro do Castro, O Agro do Cuco, O Agro do Fixoco, Os Cambeiros, Capelos, O Campo, A Chousa de Lamelas, A Chousa de Vales, A Costa, A Costa Casares, Os Cotarelos, O Coto, O Coto da Medela, O Coto da Pedra, O Coto das Penelas, O Coto de Pedras Rubias, O Coto Lameiro, O Coto Pequeno, Cotorrapado, O Covelo, Os Croios Brancos, A Cubela, A Ermida, O Fixoco, O Fondón, As Gandarelas, O Gandarón, O Lameiriño, A Lameliña, Lóngara, Longras, O Monte de Campelos, O Monte do Penedo, O Monte do Valiño, O Mouro, Mouroces, O Outeiriño, O Pedrazo, O Pedregal, A Pena (O Monte da Pena), A Pena do Coto, Penadarca, As Penas, As Peniñas, Os Pensos, Os Prados da Lama, A Quella, A Quella da Chousa, A Quella do Prado, O Requeixón, O Riqueixo, Suachousa, O Toutizal, O Val, A Valga, Vales, O Valicelo e O Valiño.

• **Hidrotopónimos ou topónimos que fan referencia ás augas:** A Albagueira, A Cal, A Chousa de Lagoas, O Fontao, A Fonte Casares, Fonte da Uz, A Fonte dos Foxos, A Fonte Grande, As Fontes Frías, Lagoas, A Lagüela, O Malmoiral, As Pegudas, Portoseco, O Prado de Ribela, A Regueira, A Regueira Vella, Regueirancha, O Rial, Ribela, A Rigueira, A Rigueira Vella, O Rimadeiro e O Ulleiro.



As terras de Lagoas

• **Fitotopónimos ou topónimos que fan referencia á vexetación:** O Abelairo, As Abileiras, As Carballas, As Carballeiras, O Carballiño, As Carpaceiras, As Cerdeiriñas, O Chope, A Chousa das Abileiras, A Costa Abineira, O Coto Salgueiro, O Espiño Vello, O Gancedo, Lamelas do Pino, A Leira da Xesteira, Os Madeiros, As Mendas, As Mouteiras, O Nabal, O Nabal Novo, Os Nabales, A Pereira, O Prado da Chousa, O Prado da Fonte, Os Prados da Fonte, O Sabugueiro, O Sabugo, Os Salgueiros, O Soutiño, O Tarreo das Cerdeiras, O Toxo, A Uceira, O Val do Carballo, A Valga do Bido e A Volta dos Bidos.

• **Zootopónimos ou topónimos que fan referencia á fauna:** A Fonte da Porca, A Fonte Tourón, A Leira da Vaca, Os Maceiros, A Miñoa, A Pena do Cabalo, As Raposeiras e O Val do Boi.

• **Haxiotopónimos ou topónimos que fan referencia aos santos e aos cultos relixiosos:** A Costa do Cruceiro e O Monte da Ermida.

• **Topónimos relacionados coa agricultura, cos tipos de poboamento e con outras obras e actividades humanas:** O Adrio de Queitano, O Adrio do Castro, A Arribada Grande, As Barrosas, As Barxas, Cabanelas, As Canteiras, Os Castrelos, O Castro, O Castro Grande, O Cerrado da Rigueira (ou de Vales), A Chousa do Muíño, O Chousiño, O Chouso, Os Cobios, O Corgo, A Costa da Tella, A Devesa, A Estivada Grande, A

Fanega, A Horta da Fonte, O Lavadoiro, Os Lavadoiros, Mama Grande, A Medela, As Medelas, O Muíño, O Muro Novo, O Palomar, As Peiceiras, O Prado Arrendado, O Prado dos Puzos, Os Puzos, A Queimada, A Revolta, O Transformador, O Val da Moa, A Zanca, A Zarra e A Zarra Vella.

• **Antropónimos ou topónimos derivados de nomes persoais:** O Carrón, A Chousa da Cruz de Brais, A Chousa de Feliciano, A Chousa de Pérez, A Chousa de Rufina, O Fernandón, A Finca do Caroeiro, A Leira de Benigno, Os Nabales de Amedo, O Prado de Varela, Os Prados de Faílde, O Salido da Carreira, Os Xorxes e As Zarras de Faílde.

• **Topónimos viarios, relativos ás vías de comunicación:** A Calzada, O Camiño Real, O Carreiro do Toutizal, O Carril, A Cruz, A Cruz do Campo, Os Esqueiriños, O Monte do Camiño Real, O Pasadoiro, O Pasadoiro Grande, Portalaxosa, Portecelo, O Porto Cancelas (=Chancelas), O Porto da Lama, O Porto do Río, O Portouteiro, O Puntillón e A Reboira.

• **Topónimos difíciles de encadrar:** O Alto da Vela, O Ballote, A Canda Branca, Os Canizos, O Carragón, As Cervas, A Chavella, A Ghouxa, A Lareira, Portei, Portourizo, O Prado do Rizo, A Quella do Roscoso, A Rilleira, O Rizo, O Tosano, Travosté e O Val do Chucallo.

• Nun último apartado poderíamos incluír os **topónimos que responden a motivacións distintas das expresadas nos anteriores:**

- **Posición relativa:** O Agro de Arriba, O Agro de Baixo, Baixo do Coto, A Cima da Quella dos Cobios, A Cima da Uceira, A Cima do Agro, O Covelo de Abaixo, O Covelo de Arriba, Detrás da Quella, A Entrada do Coto, Entre Cotos, O Fondo da Rigueira, O Fondo do Agro, Lamelas de Baixo, O Medio do Val, Pedra Alén, O Porto de Abaixo, Os Prados de Baixo, A Quella do Cabo, A Rigueira de Tras, Sobre as Devesas, Sobredoagro, Susilveira, Trasdaseiras, Trasdazarras, Trasdocastro, Trasdosferreiros, A Zarra de Arriba, As Zarras de Baixo e As Zarras de Riba.
- **Formas das propiedades:** O Agro Redondo, O Prado Grande, A Quella Grande e O Río Longo.

- **Topónimos relativos a un alcume:** Lagoas de Reboredo, A Leira da Fidalga e O Malato.



As terras fálannos. Teñen nome

6.- Goiás e as súas PEDRAS

Dous son os penedos cargados de maior simbolismo e tradición na parroquia actualmente. Un é A Pena das Merendas; o outro é A Pena Grande ou A Pena do Penedo.

A Pena das Merendas (Palmaz)

Este penedo está situado na zona leste da aldea de Palmaz, a uns 200 metros do monte do Camiño Real. Os veciños contan que os seus antepasados dicían que nese monte existira unha pena de lousa mesturada con croio branco. Pesaba unhas sete ou oito toneladas, e na súa parte de arriba posuía uns orificios cun tamaño coma o dun ovo de galiña aproximadamente. Esas pequenas cavidades atopábanse cheas de auga durante o inverno. Esta auga, segundo a tradición, era boa para as verrugas das mans tras mollalas sete veces na mesma. No que atinxe á orixe do seu nome, os máis vellos do lugar aínda recordan como sendo nenos ían co gando para este monte levando consigo a comida para o día. Un anaco de pan de boroa (millo e centeo) e de touciño servíalles aos rapaces como merenda, sendo degustada enriba da pena. Co paso do tempo, cando chegaba a hora de comer no monte, uns e outros reuníanse na cima da rocha, o que foi dando lugar a que esta fose coñecida como “A Pena das Merendas”. Paralelamente, este nome tamén se lle aplicou a toda esa zona de monte.


A Pena Grande ou A Pena do Penedo (Palmaz / Casares)

O profesor Gonzalo Navaza, nunha intervención realizada na X Xornada de Literatura de Tradición Oral, baixo o título de “Lendas e toponimia”, fai fincapé na inxente literatura popular vinculada á toponimia. El analiza a relación existente entre lendas e topónimos desde tres puntos de vista: 1) **lendas toponímicas**: aquelas lendas que foron creadas para explicar un topónimo (tamén presentadas como lendas etiolóxicas); 2) **presenza de lendas na toponimia**: aquelas lendas que dan orixe a topónimos; e 3) **topónimos con lenda**: aqueles topónimos con lendas asociadas e nas que estas non teñen nada que ver co topónimo en cuestión.

Relacionado con isto e a partir dun traballo realizado pola comunidade educativa do IES Pintor Colmeiro de Silleda titulado *A paisaxe lendaria e toponímica do Concello de Silleda* (2014-15), Gonzalo Navaza sinala que os lugares con lenda soen estar situados nas extremas entre dúas aldeas ou parroquias, posibilitando a súa demarcación. Hai veces nos que o linde vén marcado por un monumento megalítico (unha mámoa, un petróglifo...) ou algún elemento propio da natureza (un penedo, unha fonte, un regato...). Calquera destes elementos non so é xerador dunha lenda, senón tamén fixador dunha

demarcación. Noutros casos non hai monumento prehistórico nin elemento natural destacable, pero si hai unha lenda que funciona coma un reforzo mnemotécnico para que as xeracións futuras coñezan ben o lugar da demarcación. É dicir, sobre-identifícase o lugar cargándoo cunha lenda “para que non se movan os marcos”.

No caso que aquí presentamos, A Pena do Penedo ou A Pena Grande, entre as parroquias de Goiás (aldea de Palmaz, oeste do penedo) e Maceira (aldea de Pardesoa, leste do penedo), puido e pode funcionar como marcador espacial e delimitador entre estas dúas comunidades veciñas, funcionalidade reforzada pola tradición oral existente en torno a ela. Só como curiosidade, comentar que no Catastro de Ensenada aparecen os lindes de Maceira, sendo un deles unha “Peña Grande”, pero que nada tería que ver con esta ao estar situada na zona de Levante.



Localización da Pena Grande (42°40'11.5"N; 8°04'02.9"W) entre as parroquias de Goiás e Maceira

Tradición popular en torno a este penedo:

Este penedo localízase no Monte do Penedo, monte que traza o linde entre o leste de Goiás e o oeste de Maceira. Recibe o nome por mor da súa morfoloxía física con gran presenza de afloramentos de micaxisto. Na zona máis elevada deste monte é onde se atopa esta enorme rocha que servía de parapeto para os veciños cando ían co gando e facía frío, polo que non se pode descartar que tamén servira de abrigo aos moradores da zona na prehistoria. Non só prendían o lume con toxos nunha cavidade que hai na parte sur da pena para quentarse, senón que, para os máis cativos, tamén servía de entretemento correndo arredor del e subindo ata a súa cima para correr o frío. Nese cumio existe unha foxa coñecida coma a “pía da auga bendita”. Segundo os propietarios deste monte, os seus antepasados contáronlles que a pena alí existente foi traída por unha señora (moura) moi poderosa na súa cabeza. Ao mesmo tempo que subía coa

pena polo monte arriba, ía fiando nunha roca e era seguida por unha niñada de pitos. Os cativos que escoitaban esta lenda sempre se preguntaban que poderes tería esa señora (moura).



Desde A Pena Grande outéase a parroquia de Goiás

Algúns datos sobre as mouras

As *mouras* (tamén chamadas *vellas* e *señoras* nalgúns relatos) soen ser mulleres encantadas, de enorme beleza (cabelos louros, pel branca,...), que habitan espazos concretos (fontes, ríos, penedos, mámoas, castros,...). Son seres sensuais, pero tamén perigosos, portadoras de grandes riquezas (peites de ouro, tesoiras de ouro, galiñas con pitos de ouro, tendas con obxectos de ouro,...), e donas dunha forza sobrehumana, sobrenatural, que as fai ser responsables, coma neste caso, de formacións rochosas estrañas.

Soen atoparse cos homes en forma de serpe pedíndolles un bico para quedaren desencantadas, ou en forma de cobra cunha flor nos beizos que o home ten que coller para que recupere o seu aspecto normal.

A figura da moura pódese sintetizar nos seguintes aspectos: unhas veces aparece peiteando o seu louro cabelo cun peite de ouro; outras, faise cargo dunha tenda con obxectos de ouro (o home ten que responder correctamente ás cuestións da moura, senón sufrirá unha desgraza); tamén pode ser que se atope cun mozo co que se cita para que a veña desencantar da súa forma de serpe; soen facer acto de presenza á

beira dunha fonte ou dunha peneda; poden aparecer tres mouras xuntas; ou pode presentarse pedíndolle un favor ao home e a cambio dálle algo (normalmente ouro) coa condición de que garde o segredo e non vexa o agasallo ata chegar á casa. Igual ca na Pena do Penedo, non son poucas as lendas nas que a moura vai á fronte dunha galiña seguida por unha niñada de pitos de ouro. Tamén pode presentarse como ama de casa que cociña, cose, fía e coida animais (sobre todo os porcos dos veciños); pode ser vingadora e castigadora, sen motivo aparente, do mal comportamento do ser humano; e, por último, destaca a súa función como vixía de tesouros agochados en covas, mámoas, castros,...

En canto aos atributos da moura, sobresaen os seguintes:

- A moura fiando na roca cun fuso (tal como se reflexa na lenda da Pena Grande): este atributo ten o significado da moura como dadora de vida e dona dos destinos da xente.
- A moura como posuidora dunhas tesoiras de ouro: este obxecto expresa tanto a creación como a destrución, xa que con elas, simbolicamente, pódese cortar o destino das persoas.
- A moura empregando un peite de ouro: o feito de peitear os cabelos é símbolo da sensualidade feminina. Pero ao mesmo tempo, os peites soen ter unha grande carga escatolóxica, de aí que soan aparecer nos enxovais mortuorios.
- A moura como serpe: este réptil posúe unha enorme carga simbólica negativa ao longo da historia. Pero tamén é dona dunhas virtudes positivas, asociadas fundamentalmente á fertilidade a través de tres aspectos: 1) a súa forma fálica, asociada á virilidade do aspecto masculino da fecundidade; 2) a dilatación do seu corpo, vencellada ao ventre fecundo do ser feminino da fecundidade; e 3) o mudar a pel, relacionada coa capacidade rexeneradora da natureza.
- A moura como construtora de megálitos: amosa unha forza sobrenatural levando grandes pedras sobre a súa cabeza. Formacións rochosas peculiares soen asociarse a este atributo, tal como acontece no penedo analizado aquí.
- Finalmente, existen outros atributos que definen á moura. Un deles é a posesión de tesouros de ouro, símbolo de abundancia, fortuna, fertilidade, bonanza... Outro é o pan, símbolo de vida e alimento demandado por elas para seren desencantadas. Nesta mesma liña de significado atópase o leite, xa que a moura soe pedir unha cunca del para desfacer un feitizo.


En canto ao hábitat da moura, as pedras constitúen un dos seus espazos privilexiados de manifestación. A pedra sempre foi un elemento identificado coas deidades desde épocas antigas. As grandes formacións rochosas, caso da Pena do Penedo, con

características morfolóxicas peculiares (forma de ovo, ventre...) sempre foron asociadas á fertilidade, poñéndose de manifesto unha certa litolatría. E, tal como referimos antes, a moura tamén ten como un dos seus atributos definitorios o ser dadora de fertilidade. Polo tanto, é a fertilidade o fío condutor da relación entre os penedos e as mouras.

Ademais, cómpre ter presente como o cristianismo foi substituindo a simboloxía pagá de determinados penedos por unha simboloxía propia das crenzas cristiás. Na Pena Grande este aspecto está marcado pola denominación como “pía da auga bendita” da cazoleta, froito da erosión, situada no extremo sueste da peneda.



Vista do micaxisto da Pena Grande. Na cima atópase a “pía da auga bendita”



Localización da “pía da auga bendita” na cima do penedo

En canto ao tempo no que soen manifestarse as mouras ao ser humano, o amencer do San Xoán, coincidindo co solsticio de verán, é o día propicio para tal acontecemento. A moura, á alba do 24 de xuño, aparece co despertar do Sol. Nese mesmo día tamén soe aparecer unha galiña seguida dos seus pitos de ouro. Os lugares propicios para a súa aparición son as fontes e os penedos.



A Pena Grande coas vistas cara ao sur

CONCLUSIÓN: Os topónimos como simbolización lingüística dos espazos e das experiencias da tradición

“A simbolización lingüística dos espazos forma parte dunha experiencia cultural consistente en representar nos espazos aquelas experiencias que para nós teñen significados profundos. Por iso pode ser preciso darlle unha identidade lingüística a cada lugar” (Rodríguez, 2001, p. 26). Esta afirmación de Rodríguez Campos garda a esencia do obxectivo pretendido neste traballo. Os microtopónimos recompilados son portadores dunha tradición e dun significado histórico, xeográfico ou simplemente relativo ao uso práctico e á calidade dun terreo. A xente, xeración tras xeración, non só foi representando nos espazos aquelas experiencias que para eles tiñan un significado profundo e especial, senón que, na maior parte dos casos, esa fixación dun feito nun topónimo e o mantemento deste na linguaxe ordinaria permítenos situar, recordar e analizar cal é o valor que para os veciños actuais da parroquia de Goiás teñen as historias e os datos agachados tras un simple nome dun lugar. Sobre estes aspectos desenvolvemos brevemente as seguintes conclusións.

1.- Os topónimos como sinalizadores do uso e calidade do terreo

Os nomes dos espazos condicionan a percepción que temos das súas calidades e dos usos prácticos que facemos deles. Tanto é así que o uso que se lle dá á terra, en determinadas ocasións, depende do nome que teña por tradición, sendo totalmente independente neste feito a calidade que un terreo posúa. É dicir, dependendo de cal sexa o seu nome, así serán os seus fins. Neste senso, entre os microtopónimos recompilados, tomamos como exemplos todos aqueles que levan no seu nome o termo AGRO, espazo prioritario para o cultivo de cereais (O Agro das Millaras, O Agro da Cancileira, O Agro do Fixoco...). Tamén se inclúen dentro desta clasificación exemplos de topónimos como A Regueira, Regueirancha ou Os Prados da Fonte, que teñen como característica definidora a gran cantidade de auga cos circunda, algo que lles posibilita ser regados durante calquera época do ano. Antigamente, cando aínda non existía a produción forraxeira nos montes, utilizábanse como prados de herba verde dos que acadar uns feixes que serviran de alimento para as vacas, sobre todo cando estaban paridas. Na actualidade, froito do custo e do esforzo que supón manter limpos e saneados estes lugares, unha parte deles estanse deixando abandonados. Aínda así, os nomes anteriores séguenselle a aplicar a esas zonas propias de herba verde.

No relativo á calidade dos terreos, existen topónimos que fan unha clara referencia a este aspecto. Así, utilízanse nomes como Vilarbó ou Campelos. O primeiro termo indica a boa calidade que posúe ese terreo cuberto de carballeiras, leiras e prados de nova creación que substituíron ao antigo monte raso. O segundo refire un terreo formado por un solo pobre en produtos minerais e químicos, polo que só produce xuncos e herbas “malas”.

Seguindo nesta mesma liña, tamén é preciso facer referencia aos topónimos que non significan o uso que a algúns terreos se lles está dando na actualidade, pero que si seguen a manter a denominación tradicional facendo referencia a usos que a terra tivo no pasado e que na actualidade nos serven para lembrar a memoria dos traballos agrícolas. Incluímos primeiramente os espazos que son coñecidos por un nome que facía referencia ao produto que antes se acadaba nestes lugares e que agora non se dá. Topónimos como A Codeseira, As Carballas, O Toxo ou O Soutiño indícanos o tipo de cultivo ou de plantación que se daba en épocas pasadas nestes lugares: codesos, grandes carballos, toxos e pequenas parcelas cheas de castiñeiros. Na actualidade, estas terras foron birtadas e dedícanse á produción de herba.

Á marxe destes topónimos que xiran en torno ao tipo de produción, atopámonos en Goiás cun grupo de nomes referentes á construción. Tanto A Costa da Tella como A Barreira e As Barrosas son termos que indican a enorme importancia que en épocas pasadas tiña o barro dentro das infraestruturas familiares (casas, alpendres, cortes...). Este barro servía para tapalos buracos e selar as pedras que eran extraídas das canteiras dos montes dos Croios Brancos, Pedras Rubias e O Coto da Pedra. A pedra, elemento fundamental nas construcións rurais, era o produto máis estimado e valorado por parte dos veciños, o que deu lugar a darlle a estes montes un nome indicativo da funcionalidade que estes espazos tiñan naquela época. Ademais, cómpre recordar como do monte dos Croios Brancos foi extraída pedra para realizar a estrada N-640 (Lalín-Lugo) ao seu paso por Goiás. Hoxe en día ninguén recolle barro na Costa da Tella ou pedra nos Croios Brancos para realizar as súas construcións, senón que estes terreos, tras seren cavados, dedícanse á produción de herba para o gando. Pero os nomes cos que foron coñecidos estes espazos polas súas funcións seguen a manterse.



O topónimo “Croios Brancos” non só está inmortalizado nunha placa disposta nun muro dese monte, senón tamén na memoria colectiva dos veciños

Outro topónimo exemplo do título deste apartado é o do Val da Moa. O nome deste monte provén do feito de que no seu centro se atopaba unha moa na que os labregos afiaban os podóns e as petas para rozar nos toxos, e rebaixaban os legóns para cavar nas tenzas onde sementar o trigo e o centeo. É evidente que calquera desas actividades (rozar e cavar) xa non se realizan manualmente na actualidade, polo que a situación e uso dunha moa nese lugar é innecesaria. Ademais agora gran parte dese monte atópase dedicado á produción de herba, deixando pequenos espazos reservados ao monte raso e a plantacións de piñeirais. Aínda así, esta nova orientación produtiva e a substitución das ferramentas manuais pola maquinaria non foi quen de provocar, ata o momento, un cambio no nome deste monte.

Non cabe dúbida que conservar o uso destes nomes na lingua ordinaria lembra unha etapa importante dentro da historia parroquial, tanto no eido da construción coma no do traballo das terras e montes.

2.- Os acontecementos do pasado como referentes de topónimos

Unha segunda asociación de topónimos vén marcada pola conservación que a través dos mesmos se dá da memoria popular da historia da cultura do pobo. Eses nomes provocan que os veciños manteñan as súas orixes enraizadas en acontecementos históricos puntais que tiveron unha especial relevancia dentro do ámbito parroquial. A nomes xa analizados anteriormente coma os das aldeas de Beilás, Cotarelo ou A Igrexa;

das fontes dedicadas a San Miguel; ou de penedos como A Pena Grande (ou A Pena do Penedo); cómpre engadirille, como exemplo, os de terras como:

- A Chousa da Cruz de Brais: microtopónimo que, segundo os veciños, fai referencia á morte dunha persoa en épocas pasadas.
- O Camiño Real: camiño utilizado polos augardenteiros de Chantada e polos carboeiros que traían as súas mercancías ata Goiás en cabalerías. Hoxe en día nin os augardenteiros, e moito menos os carboeiros, traen as súas mercancías en cabalerías. Pero que dúbida cabe que este feito comercial era algo moi importante no Goiás de hai 80 anos, ata o punto de que o camiño coñecido como O Camiño Real deixou paso a unha nova denominación: O Camiño dos Arrieiros.
- A Pena das Merendas: microtopónimo que fai referencia ao lugar no que se reunían para comer xuntos os rapaces que ían coas vacas e as ovellas para o monte. Hoxe en día xa non se realiza tal cousa, pero o nome dese lugar séguese a manter, como se se recordara de forma idílica o que acontecía no pasado.
- O Monte da Pena: nel aínda existen vestixios materiais sobre a antiga igrexa da parroquia de Xaxán. Esta foi trasladada ao novo emprazamento a finais do século XIX segundo a tradición popular. Non cabe dúbida da importancia que este templo tivo nese lugar, xa que deixou coma herdanza un topónimo referente a si mesmo.
- Mama Grande ou O Agro de Mamacavada: estes topónimos non só fan referencia aos “enterramentos da xente importante dentro dos mouros”, senón que tamén nos describen algún aspecto da súa morfoloxía: a primeira mámoa debía de ser a máis grande dentro do ámbito parroquial, e a segunda atópase arrasada (foi escavada, e non precisamente cun proceder arqueolóxico).

Calquera destes topónimos, así coma o de O Adrio de Queitano (do Castro) xa referido anteriormente, remítennos a achados históricos, pero dos cales na actualidade non temos datos materiais suficientes para poder afirmar a existencia de mámoas nos lugares que son identificados con ese nome (Mama Grande e Mamacavada), ou a existencia de enterramentos á beira do castro nas tenzas coñecidas como ADRIO. De todos os xeitos, os topónimos indicativos destas posibles construcións seguen a manterse dentro do pobo, permitindo ao mesmo tempo recordar un aspecto histórico importante dentro da conformación do *ethos* parroquial, o que provoca que entre os veciños se considere á parroquia de Goiás como diferente a calquera outra entidade na que non existan construcións referentes ao mundo castrexo ou topónimos que nos remitan ao mundo máxico dos “mouros”.

Non cabe dúbida de que todos os topónimos que se poden englobar dentro deste apartado fan referencia a acontecementos importantes de Goiás, importancia que está posta de manifesto no mantemento destes nomes dentro da linguaxe ordinaria. A utilización destes termos por parte dos veciños leva implícita unha carga sentimental e nostálgica, facendo presente un feito acontecido no pasado ou recordando a antiga situación dunha construción. É así como se exemplifica o lugar destacado que a toponimia ten dentro da memoria popular á hora de conservar a historia da cultura dun pobo.

3.- As características físicas do espazo como referentes de topónimos

Unha última clasificación establecémosla en base a aqueles topónimos que levan consigo unha referencia ás características físicas dun determinado lugar. Nomes como, por exemplo, o de Lagoas, Lamelas e Lameiriño fan referencia á constitución do terreo destes espazos: lugares compostos por terra de barro e con grandes doses de humidade, o que provoca que, sobre todo os seus camiños e congostras, estean sempre cubertos de lama. Hai que ter presente que calquera das tenzas agrupadas baixo un destes nomes son tidas como moi produtivas e de boa calidade entre os veciños, xa que o barro garda moi ben a sazón.

Un segundo grupo de topónimos vén dado pola altitude dun determinado lugar. Nomes coma o de O Outeiriño, Os Cotarelos e Cotorrapado xa nos din que clase de morfoloxía física domina neses espazos. Os dous primeiros fan referencia a uns pequenos levantamentos sobre o terreo, e o terceiro non só aporta o dato da altitude (*Coto-*), senón que tamén inclúe unha referencia ás pésimas condicións para a produción que se dan nesa zona (*-rrapado*). De feito, segundo os veciños ese lugar é un sitio propicio para as xeadas, o que fai que non todo o que alí se sementa chegue a producir.

Finalmente atopámonos con topónimos referentes á forma dun espazo: O Valiño e O Agro Redondo poden servirnos de exemplo. No primeiro caso, o nome de Valiño refírese a un monte situado nun pequeno val. Tamén é moi claro que o nome de O Agro Redondo se refire á forma circular que posúe este conxunto de leiras e prados.

FONTES DE CONSULTA

PÁXINAS WEB

ATOPO (Deputación de Pontevedra)

<https://atopo.depo.gal/>

Lalín, Concello de. *Libro De Amillamento Da Contribución Rústica E Pecuaria. Goiás. Tomo I.*

Lalín, Concello de. *Libro De Amillamento Da Contribución Rústica E Pecuaria. Goiás. Tomo II.*

Lalín, Concello de. *Libro De Amillamento Da Contribución Rústica E Pecuaria. Goiás. Tomo II (1945-1946).*

CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae)

<http://corpus.cirp.es/codolga/>

DICIONARIO DE DICCIONARIOS

DdD = Santamarina, Antón (coord.): *Diccionario de diccionarios*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.php> [consulta en outubro-novembro 2018].

FAMILYSEARCH

<https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CS2Y-G6QM?cat=508472>

GALICIA NOMEADA

<https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/visor> [consulta en novembro 2023]

GALICIANA (Biblioteca Dixital de Galicia)

http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/es/publicaciones/listar_numeros.do?submit=Buscar&posicion&campoOrden=nombreordenar&descendente=false&busq_mes=9&busq_anyo=1891&busq_idPublicacion&busq_infoArticulos=true&busq_dia=18

HISTORIADEZA (wordpress de Antonio Vidal Neira)

<https://historiadeza.wordpress.com/>

IDEG (*Información Xeográfica de Galicia / Visualizador de mapas*)

<http://mapas.xunta.gal/visualizador-de-mapas>

LATINE DISCE (diccionario de latín)

<http://www.latinedisce.net/Dictionary.latin>

MUSEO DE PONTEVEDRA

https://museo.depo.gal/es/as-xeiras-de-deza?fbclid=IwAR3AdL-p79gndfG7_IcgarzIN5h-ePBegj1IM4SEUrG7M3JsA-5pXkijhqw [consulta en decembro 2023].

NOMENCLÁTOR DE GALICIA

<https://www.xunta.gal/nomenclator>

PARES (Portal de Archivos Españoles)

Catastro de Ensenada:

<http://pares.mcu.es/Catastro/>

A colección diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira:

<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/description/6991008>

PORTAL DAS PALABRAS (da RAG e Fundación Barrié)

<http://portaldaspalabras.gal/>

RAG (Diccionario da Real Academia Galega)

<https://academia.gal/diccionario>

ROTEIROS DE LALÍN

<http://roteiros.lalin.gal/>

SEC (Sede Electrónica do Catastro)

<http://www.catastro.meh.es/esp/sede.asp>

SEDE ELECTRÓNICA DEL CATASTRO

<https://www1.sedecatastro.gob.es/Cartografia/mapa.aspx?buscar=S>

TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega)

<https://ilg.usc.es/tmilg/>

FONDOS DOCUMENTAIS

AcpLu, San Miguel de Goiás, libro III de Fabrica (1777-1885)

AcpLu, San Miguel de Goiás, libro I de Defuncions (1716-1852)

BIBLIOGRAFÍA

Ares Vázquez, N. (1995). *Beilás*. El Progreso (diario de Lugo) (8 de febreiro).

Ares Vázquez, N. (2004). Os nomes das parroquias de Lalín. *DESCUBRINDO DEZA*, 6, 133-143.

Bango Torviso, I. G. (1979). *Arquitectura Románica en Pontevedra*. La Voz de Galicia S.A. A Coruña.

- Buxán, C. (1989). *Guía dos Castros de Lalín*. Asociación Cultural “O Naranxo”. Lalín.
- Cabeza Quiles, F. (1992). *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*. Ed. Xerais. Vigo.
- Cabeza Quiles, F. (2000). *Os nomes da terra*. Toxosoutos. Noia.
- Cabrejas Domínguez, E., Mañana-Borrazás, P., e Seoane-Veiga, Y. (2009). Achado dunhas lousas con arte megalítica en Fonte Tourón (Lalín, Pontevedra). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LV, 122, 9-31.
- Cañizares del Rey, V. (1992). Nomenclator de parroquias, lugares, villas y aldeas, que se leen en los documentos medievales de Lugo. *LUCENSIA*, 5, 139-185.
- Carrasco, L. e Navaza Blanco, G. (2014). Toponimia do Val de Fragoso. Beade. Universidade de Vigo, Área de Normalización Lingüística. Vigo.
- García Oro, J. e Novoa Gómez, M^a de los A. (1999). *La Tierra de Deza en la Edad Media y en el Renacimiento. Del anonimato al pleito*. SED. Lalín.
- García Porral, X. C. (2002). *Goiás, vida dunha parroquia rural galega*. SED. Lalín.
- García Porral, X. C. (2008). *Modernización rural e tradición cultural*. Lóstrego. Santiago de Compostela.
- García Porral, X. C. (2021). Proxecto do arranxo parroquial do Arciprestado de Deza de 1888-1889 (previo ao definitivo de 1891). *DESCUBRINDO DEZA*, 14, 245-274.
- García Porral, X. C. e González Murado, O. (2006). *Realidade eclesiástica do Concello de Lalín na época postridentina*. SED. Lalín.
- Giddens, A. (1993). *Consecuencias de la modernidad*. Alianza Editorial. Madrid.
- González Murado, O. (2020). O antigo Arciprestado de Deza. A visita de Bustos de la Torre no ano 1700. *DESCUBRINDO DEZA*, 13, 329-366.
- González Reboredo, J. M. (1971). *El folclore en los castros gallegos*. Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago. Santiago.
- López Valcárcel, A. e García Conde, A. (1991). *Episcopologio Lucense*. Fundación Caixa Galicia. Lugo
- Madoz, P. (1847). *Diccionario-Estadístico-Histórico de España*. Madrid. T. VIII.
- Navaza Blanco, G. (2006). *Fitotoponimia galega*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

- Navaza Blanco, G. e Toimil A. (2000). *Lingua e literatura da Comarca de Deza*. SED. Lalín.
- Navaza Blanco, G. (2017). Lendas e toponimia. En I. Novo e A. Reigosa (Coord.), *Actas da X Xornada de Literatura de Tradición Oral: Palabras con memoria: topónimos, ditos, frases, nomes... con historia* (pp. 73-84). Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.
- Nomenclátor de España (1867). Madrid. Tomo IV-A.
- Rodríguez Campos, X. S. (2001). *Lingua, linguaxe e experiencia. A perspectiva antropolóxica e as implicacións filosóficas*. Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social da Facultade de Filosofía da USC. Santiago de Compostela.
- Romaní Martínez, M. (1989). *Colección Diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense): 1025-1310* (vol. I-II). Ed. Tórculo. A Coruña.
- Romaní Martínez, M. e outros (1993). *A colección diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense)*. Ed. Tórculo. Santiago de Compostela.
- Rubia Alejos, F. e Gómez Buxán, C. (2000). Tocante a los hixosdalgo. *DESCUBRINDO DEZA*, 2, 13-68.
- Sá Bravo, H. de (1978). *Rutas del Románico en la Provincia de Pontevedra*. Caja Rural Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- Torres Luna, M^a. P. e outros (1985). *Las Parroquias de Galicia. Cartografía y Estadísticas*. Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago. Santiago de Compostela.
- Torres Luna, M^a. P. e Pazo Labrador, A. (1994). *Parroquias y arciprestazgos. Cartografía*. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- Valiña Sampedro, E. (1991). *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*. Servicio de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo.
- Vázquez Crespo, A e González Alén, D. (1989). *A Comarca do Deza*. Ed. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- Vilariño, F. (1997). *Reseña Histórica del Condado de Deza* (edición preparada por Armando Vázquez Crespo). Madrid.